ALENTO

BOLETÍN DE ESTUDOS POLÍTECOS

CONTÉN:

Editoriás.
O sentimento nazonal nos escritores galegos do século XIX. - *Alvaro das Casas.*
Nacionalismo galego.- *Vicente Risco*
Artigoación nacionalista de Europa. *Francisco F. del Riego.*
Informazóns.
Diario dunha viaxe de nazonalistas: Galeuzca *(do n.º 5).*

Galiza
N.º 7-8
Xaneiro-Febreiro
1935
Prezo: dous reás

RG 1/1 Fondo Parga Pondal

Galegos: Consumide produitos da nosa Terra.

Bebede tostado

ABION

a marca que se acreditóu loitando cos mellores viños.

Unha copa de ABION siñifica galeguidade, eleganza e bon gosto.

Usade sempre no voso fogar

lámparas

IRIA

Son as mellores, as máis económicas e as de máis rendimento

Dr. GALLEGO

OCULISTA

★

Consulta de 10 a 1 e de 4 6

RUA NOVA, 28

SANTIAGO

F. Barreiro Salaño

Périto Agrícola

Campo do Gayo, 14 - SANTIAGO

ALENTO
BOLETÍN DE ESTUDOS POLÍTECOS
N.º 7-8 — XANEIRO-FEBREIRO DO 1935
DIREIZÓN: RUA DO VILLAR, 42-2.º - SANTIAGO

EDITORIÁS

O S. E. G.

O Seminario de Estudos Galegos pode intresar baixo dous aspeitos: ou simpresmentes como unha orgaizazón inteleitual, ou como unha entidade cultural destiñada a servire a Galiza na dobre tarefa de estudar o país e de perparar e capacitar novos inqueridores. No primeiro intrésanos como calqueira entidade análoga do mundo; no segundo preocúpanos apaixoadamente, pois temos posta nele toda a nosa fé e ficamos certos de que o seu fracaso suporía unha das maores catástrofes pr-á Terra.

Levados desta preocupazón, que é amor afervoado á primeira das nosas istituzóns culturás, imos percisar uns xuizos no intre históreco que o S. E. G. encomenzou a vivir despois da morte do profesor Cabeza de León: ao comprir a devandita entidade dez cursos de traballo.

Siñificazón nazonal

Fai anos, cando de Pirineus embaixo non se chegara ás situazóns políteca que hoxe se fixan, cando o galeguismo en desenrolo lóxeco e natural dende a asambreia de Lugo do 1918 non atinxira os fitos en que agora loita, o Seminario podía manter unha táiteca de transixenzas tan dútil como quixera e nela fixo boas labouras e

atinxíu trunfos sinalados. Hoxe, si o S. E. G. non é un eisponente craro, nidio, sen dúvidas, da nosa concenza nazonal, confesamos que pouco se nos dá da sua morte. Por académea ou ateneu de máis ou de menos, o país non se afunde.

Neste vieiro urxe que o Seminario percise a sua siñificazón: ainda ten seu regramento en língoa que non é a nosa; ainda recebe e pode pubricar traballos en língoas que pra nós supoñen hexemonías que non aceitamos. Nas suas xuntanzas semanás non son os máis os que falan en galego, e os seus dirixentes máis siñificados prescinden do noso idioma nas suas confrenzas académecas, onde maor é o noso intrés por categorizalo : seu propio presidente chamábao *dialecto* en recente disertazón universitaria e o feito ten releve suficente pra sere silenzado. Poden e deben sere membros aitivos do Seminario homes non galegos sempre que sexan centífecos de probada sabenza e se adiquen ao estudo da nosa terra; poden xuntarse nas suas fías galegos de nacimento ocasional probada simprementes a sua persoalidade inteleitual; o que *ten* de sere, e non ademitimos suposto en contrario, é que os seus dirixentes, queimados na fogueira da pátrea, ruban ás suas outas categorías afervoados, trementes, no sentimento da Terra, da raza, da língoa, de todo aquelo que é consustanzal á nosa natureza e costitúe a razón do noso ser; ainda que se dise o caso de ter que esquecer sentimentos en homenaxe a unha persoalidade centífeca de renome universal, ainda que non tivésemos galegos de corpo e ialma con persoalidade inteleitual dabondo —que os temos felizmente— hoxe repudiaríamos unha transixenza que, dígase o que se queira, é unha craudicazón.

O S. E. G. e a Universidade

Hastra qué lindeiros chegan as relazóns do Seminario co-a Universidade? Eis un tépedo neboeiro no que, por ben de todos, percísase facer craridade.

O S. E. G. foi feito por universitarios e, de certa maneira, naceu baixo a soma da nosa Universidade. Nacimento lóxeco; primeiros camiños prausibres, pois latexaba nos fundadores o nobre anceio de galeguizar noso primeiro centro de ensino. Alá van corridos dez anos: a Universidade mantense no seu pé oficinesco e burocráteco e o Seminario segue na sua soma; a facultade de Letras caíu en erros condenabres, e o Seminario segue de feito en dependenza dela, sen protestalos tan siquera.

Nós entendemos que pra o S. E. G. chegou o intre de aituar de

por sí, cumprindo eiscrupulosamente o artigo primeiro do seu regramento. Ten de orgaizar cursos continuos de histórea, de língoa, de arte, de arqueoloxía, de literatura, de dereito consuetudinario, de etnografía, etc.; ten locás, ten boa bibrioteca, conta con profesores, contaría con oíntes sobrados. Este é o vieiro pra recoller e capacitar á nosa xuventude xunguíndoa ás suas labouras nunha xuntanza que, é de supôr, continuaríase sempre pra ben da Terra e da nosa cultura.

Supón esto unha rivalidade? Non; por agora simprementes unha suprencia: un encher hocos que os craustros oficiás queren manter valdeiros.

Orgaizazón interna

Urxe no S. E. G. refacer o seu regramento pra posibilitar a sua urxente e percisa renovazón.

Dacordo co regramento aitual, o Seminario é nen máis nen menos que o seu Consello dirixente: ele pode dar de baixa aos socios (art. 4.º, apart. 3.º), dimitir aos membros da Comisión (art. 17, apartado b), chamar a xuntanza xeral (art. 22), trocar o domicilio, nomear novos conselleiros, etc., etc.; fora da sua decisión, pra outer unha xuntanza xeral percísanse as duas terceiras partes do total de sóceos aitivos e proteitores. Non cobizamos probar as ventaxas do réximen democrático, inadaitabre a entidás de cultura e investigazón; mais sí entendemos que é posibre unha maor elasticidade, unha maor colaborazón dos sóceos aitivos co pró do seu dereito de iniciativa e o contra da sua obriga de responsabilidade. Hoxe acontez que os membros do Seminario —a sua valoura garantíuna a eleizón— non supoñen ren na vida da coleitividade, i-en troques, por ineispricabre automatismo do artigo 18, o seu Consello váise nutrindo de xentes que ainda non teñen esprenza nen persoalidade dabondo, e o día de mañán poden acusar unha maoría de homes nemigos das nosas ideias e alleos ás nosas preocupazóns.

O Seminario non percisa de museus: debe depositar seus fondos e coleizóns nos museus xa orgaizados, i-estimular a orgaizazón doutros novos; mentras non acometa o gran probrema dun casal propio —e ainda entón— debe sere bibrioteca e ren máis que bibrioteca e arquivo —labouradorio— do xeito en que están orgaizadas entidás semellantes doutras terras. Debe metodizar *formalmente* as suas pubricazóns, no mañífeco tipo *Arquivos*, hoxe en grande cantidade esparexidas con moita dificultade de topal-as. Debe orgaizar eispo-

sizóns e leituras, como noutrora, intensificando o convivio co-as xentes todas.

E pôr mans nas seizóns, que se multiprican con perigrosa facilidade. Por qué as seizóns de Prehistórea e Histórea da Literatura non están refundidas na de Histórea? Por qué Arte, Arqueoloxía e Histórea do Arte non costitúen unha soia? Por qué a de Filoloxía non se refai co-a de Literatura? Por qué a de Etnografía e Folklore non entra na de Xeografía? En qué se fondamenta que Xeoquímeca esté afastada da de Cenzas Naturás, e Psicotecnia da de Pedagoxía? Son moitas as seizóns que nada fixeron e pol-as trazas nada farán; dá a impresión de que foron orgaizadas pra distribuire presidenzas.

S. O. S.

Dende a morte do prof. Cabeza de León o Seminario torceu seu camiño e adianta por outros en eistremo perigosos. A sustituzón daquel gran galego —anormal, antireglamentaria— foi un desacerto. Pra qué negalo? O presidente do Seminario ten de ser un centífeco que faga algo máis que un artigo en col da praga da langosta: esto é pouco serio; si por riba é un home que empeza por descoñocer a nosa língoa, entón xa é un pouco triste tamén. E si ainda por enriba este presidente é un home desartellado da nosa vida, insensibre ás nosas preocupazóns, capaz de sentirse incompatibre con estes ou aqueles socios, entón, francamente, xa se torna insoportabre.

O Seminerio vai pasar por primeira vez nosas fronteiras, vai presentarse en Portugal. Irán na viaxe xentes de terras e ideoloxías ben lonxanas e ficarán no fogar ilustres e patriotas inteleituás recusados pol-a sua eiscesiva galeguidade. Esto non nos estrana aos que en Ponteceso, o día do centenario de Pondal, ouvimos ao presidente do Seminario de Estudos Galegos falar en língoa que non é a nosa. Aos nosos irmáns de lonxe encheráos de mágoas e de espanto...

O Seminario de Estudos galegos ten ben gañada a ilusión, a espranza —e a confianza— que os bons galegos temos posta nele. En dez anos conquerín un prestixio que non alcanzóu a ter no noso país entidade algunha, e si pol-o mundo adiante anda a brilar a nosa cultura ao S. E. G. se lle debe. Móvenos a pubricar estas líñas a propia mañitude da entidade, sua merescida grórea, e o perigo que se acentúa: percísase que no Portugal amigo se faga algo máis que unha xuntanza de estudosos: o Seminario é Galiza, e Galiza ten língoa propia e moitas cousas que decir na sua língoa. Confusionismos, misturanzas, feblezas, incertidumes, medos, receios... eso sí que non.

O sentimento nazonal nos escritores galegos do século XIX

Tense dito, con razóns dabondo, que a concenza nazonal renasce nos galegos no intre da invasión napoleóneca; é entón cando Galiza, afastada dos ministros hespañoes, rexida por propio goberno, en prena posibilidade estatal, certa da sua outa e rexa capacidade, tópase a sí mesma e adequire a concenza da sua mañitude como pobo: en fonda e rexa perspeitiva históreca e no amplo e lumioso hourizonte do seu porvir. Sinala Martín Sala (1), como a chegada a Muros do xeral marqués de Camposagrado no marzal de 1810, orixinou incidenzas que estiveron a punto de conquerir «la separación de este reino del cuerpo del estado español». Todo o século XIX é un balbordo de emozón galega: no 1808 os nosos antergos loitan contra dos franceses tan desartellados dos outros pobos hispánecos, tan pol-o seu camiño, con tan nidio anceio de conquerir a sua enteira e ausoluta independenza, que meresceu do goberno de Madrid os ataques máis impracabres (2); na asambreia de Lugo do 1843, Antolín Faraldo propón que Galiza se decrare ceibe, perdendo a sua proposta a votazón, por un voto de difrenza; na revoluzón do 46, fica craro que de terse conquerido o trunfo, Galiza houbérase perdido pra o goberno da Hespaña (3); en Galiza latexaba, asegún Salvador Golpe, unha nova doitriña social e políteca contraria ao uniformismo centralista (4), e a Xunta Suprema de Compostela, cando acordou redaitar o seu manifesto ao país (5), fixo-o antepondo ao acordo, como un lema, a ideia de que os galegos xa somentes cidadáns galegos cobizaban sere. Galiza ferve no sagro e lexítimo orgulo de ter conquerido por sí mesma sua propia libertade e, agrilloada máis tarde, roxe na sua infelicidade i-escravitude a arela dunha nova rebeldía.

(1) *Una fiesta en Noya en 1812*. "Galicia", revista regional, agosto 1892, páxena 110.

(2) "... hija desnaturalizada de la nación, que se había entregado sin honor a los enemigos, debiendo su nombre ser borrado del libro de la patria...", dise de Galiza na *Gaceta* do 18 de febreiro do 1809.

(3) Euxenio Carré, *Literatura Gallega*, 2.ª ediz., páx. 34.

(4) *Patria y Región*, 1897, páx. 163.

(5) Waldo A. Insua, *Ecos de mi patria*, Coruña, 1891, páx. 44.

Souperon os escritores do noso país sentir á par do seu pobo? Entendo en verdade que sí, mais non sempre en prena concenza da sua nazonalidade nen co-a unidade que, en rápida ollada, aparesce. Certo é que escritores nosos alleos á dór e á preocupazón da Terra non se contan, e pra sinalalos temos de dar ou cun tolo como aquele Santiago Abella que se preguntaba «¿qué supone nuestro dialecto y nuestra literatura en el mundo de las artes, de las letras y de las ciencias?» e a sí mesmo respondíase «absolutamente nada» (1), ou cun desleigado como D. Xosé Carracido, feito e prestixiado nos meios políteco cortesáns nos intres en que os partidos podían emprestar celebridade centífeca (2).

Fixémonos nalgúns prosistas. Waldo A. Insua, home que se fai en leituras de histórea, que gosta de lembrar a nosa, que sinte o orgulo da sua caste, fala de Galiza como dunha pátrea pro aludindo ás xentes máis representativas do país, dí con gabanza que se compracen en fomentar a vida *provincial;* dí que é máis diño pra as nazonalidás «desparecer á vida social, consumar a estinzón da raza e perderse pra os inqueridores da histórea, que arrastrarse na opresión, na baixeza e no mal simulado servilismo», pro tamén dí que Galiza ten de xogar na balanza dos máis pobos de Hespaña, «no concerto das rexións confiadas, atrevidas, emprendedoras», e por vegadas semella un nazonalista, tan rexo e arriscado como queirades, que olla noso probrema con ampritude suficente (3), e chega a concrusións coma esta: «Ninguna consideración nos detendrá, que no es posible besar la mano del que ha remachado los anillos de la cadena que aprisiona y detiene; y poseídos de la santidad de nuestros derechos y de la conciencia de nuestro valimiento como raza, como pueblo y como núcleo social, presentaremos la definitiva batalla que ha de restituirnos la gloria obscurecida, la altivez honrosa mixtificada y la libertad

(1) *Carta abierta a D. Manuel Murguía*, Buenos Aires, (1906 ?), páx. 7.
Este home dille aos portugueses na páxena seguinte: "¿Qué resonancia tienen en el mundo Herculano, Almeida Garret, Filinto Bocaxe, la duquesa de Alorna, y otros célebres escritores y literatos portugueses, a no ser en España, Brasil y posesiones portuguesas de Africa, India y China? Muy escasa". I-engade que quixera ser un Menéndez Pelayo ou un Unamuno "para poder desencartar con erudición y lucidez, lo cosmogónico, antropológico y prehistórico".

(2) No discurso dito en Vigo a noite do 23 de agosto do 1890, en honra de Méndez Núñez, dí do nauta insiñe, como querendo gabalo máis, e na realidade sinalándose un xesto politeco de próisima apricazón eleitoral, que "... no fué un regionalista de espíritu estrecho..."

(3) Dí que é perciso "deponer nuestro sentimiento de localidad y antipatías de clase, y unir todas las voluntades en una sola y única aspiración".

moral y material que un pasado ominoso nos arrebató con cautelosa perfidia» (1).

Non é un nazonalista Salvador Golpe, non chegóu endexamáis a escreber verbas tan acesas como as trascritas e con todo, ben estudado, acaso é máis sólido nas suas conceizóns, ainda que cai máis fondo nos seus erros. Eisalta a centralizazón conquerida pol-os reises católecos «no solamente útil sino también necesaria», fala da «unidad santa de la patria española» que, asegún dí, «no peligra porque las provincias sean libres, como no peligra la sociedad porque los hombres lo sean, ni porque lo sean las familias en los pueblos», dí que «la más infame de las calumnias que se dirigieron al regionalismo, fué la de que pretendía romper la unidad del Estado español», i-engade que crebar esa unidade non conviría ás rexións: «la familia española tiene que estrechar más y más cada vez los lazos del afecto, pero eso no obsta para que, dentro de esa unidad inquebrantable, de esa solidaridad política que ninguno repudia, haya libertad, tan necesaria a los pueblos como a los individuos», estuda as posibilidás económecas de cada rexión, e remata: «eu de min sei dicer que son rexionalista, pro que amo a Hespaña, que amo a sua unidade groreosa, que entusiásmome lembrando a sua histórea, que sinto arrepiarse a miña ialma con orgulo sempre que ollo no ar a bandeira hespañola, que pol-a sua integridade e a sua honra dera a vida...» Mais dí tamén que os rexionalistas non envexan ren, conténtanse co que teñen: «soio cobizan liberdade e defender o que lles pertence e outros usurpan».

Ficamos diante un esprito que olla ese que dín agora probrema de descentralizazón adeministrativa? «Semellante ao sentimento filial é o do rexionalismo, porque tamén a terra é nai», procrama; «as rexións costitúen, dentro da nazón, unha mesma familia de pobos na que os seus individuos compoñentes teñen fisonomía, gostos, necesidás e caraiteres diversos», escrebe; «nas rexións hespañoas topamos verdadeiras persoalidás étnecas con corpo, vida e i-alma difrentes en cada unha, quer decirse: terra distinta e perfeitamente delimitada pol-a natureza, poboazón con fisonomía e caraiteres propios e língoas difrentes». Esto xa é máis que un probrema adeministrativo; esto, no cerne, é unha visión compreta dun probrema confederal. Coal é o guieiro do pensamento de Golpe? Ao meu matinar, un sentimento de democraza que aparéz, nidiamente, cando grosa unha sentenza aparescida en *Le Temps* —La centralización administrativa es incompatible con las costumbres viriles de la

(1) *Ecos de mi patria*, Coruña, 1881, páx. 421.

libertad— e cando berra afervoado, como un pacifista dos nosos tempos: «La centralización sólo favoreció el poderío militar, y fomentó la guerra; hizo fuertes a los estados, pero empobreció, desangró y debilitó los pueblos». E ainda chega moito máis lonxe, remarcando ouservazóns atinadísemas e pranteando noso probrema idiomáteco con ollada perfeita da realidade: «Puedo asegurar que de los dos millones y medio de habitantes que pueblan el territorio de Galicia, sólo medio millón habla constantemente en castellano...» «cinco centurias van pasadas desde que los Reyes Católicos mandaron que en todos los actos y documentos públicos se emplease la lengua castellana con exclusión de cualquier otra, y desde entonces se crearon multitud de escuelas en las que sólo se enseña en castellano, y en castellano predicaron los sacerdotes en el templo, y en esa misma lengua se escribieron las leyes y los periódicos oficiales, y se redactaron los documentos que garantizan la propiedad y los contratos, y se dictaron los pregones, bandos y reglamentos de policía, y se extendieron las actas de los ayuntamientos, y se enseñó a hablar en los cuarteles a los jóvenes que cumplían el deber de servir a la patria con las armas, y decidme ¿a pesar de todo se acabó el idioma gallego? Sigue hablándose la lengua gallega, y solamente gallega; la suya, la que aprendieron a hablar en el regazo de sus madres, la que está inpregnada de la infinita dulzura de los maternales arrullos, con la particularidad de que muchos que, por razón de los cargos que ejercen, se ven forzados a hablar y escribir en lengua castellana, lo hacen adulterándola y corrompiéndola y acomodándola a la sintaxis y prosodia de la lengua que les es peculiar», e alenta, «no lo dudéis: la lengua gallega no muere, no puede morir porque es el alma de una raza fecunda, vigorosa y pujante».

Insua falaba como un poeta e Golpe como un políteco, crarísemo nuns casos, contraditorio noutros; políteco ás vegadas, coa emozón dun hespañolista de xogos froraes moi fins de século, pro, é que adiantaron máis os homes da *Lliga*, que ainda hoxe son pedra angular da catalanidade?

Brañas, que escrebíu un dos hinos máis xurdios que se ofreceron a un pobo, aparéscesenos menos craro, máis imperciso, máis inconsecuente, infeliz na eispresión, probe na arela, como políteco, en contradizón manifesta co-a sua persoalidade poética.

Dí, como Golpe, que «deseamos la consagración justísima de la libertad regional, dentro de la unidad del Estado», e resume a sua ambizón neste ordeamento que, pra maor craridade, dibuxa en circunfrenzas perfeitamente concéntrecas: «queremos el individuo libre

en la familia libre, la familia libre en el municipio libre, el municipio libre en la región o provincia libre, la región libre en el estado libre y el estado libre en la libre y universal sociedad de las gentes». Eistrana que o profesor en Dereito da nosa Universidade se teña esquecido da parroquia, verdadeira e históreca célula da vida galega, sustituíndo-a pol-o concello, no noso país entidade artificial, simpresmente adeministrativa, importada, desdibuxada na nosa tradizón xurídeca (1). Láiase en frases máis ou menos belas —«nuestra desdichada Galicia...», «el amor sincero y casi idolátrico que tenemos a nuestro hermoso país...», «nos llegan a lo más hondo del alma los suspiros del arpa de Rosalía...», «nuestra Galicia inactiva, pobre y desamparada...», «Galicia pobre y desdichada se yergue del polvo de su humillación...» (2)— do estado da Terra, e soña un partido rexionalista galego cun consello direitivo, «que debe residir en Barcelona». Maxina un programa pra este partido e nele esquece o idioma, pro en troques consagra as provinzas, mantén as diputazóns e sinala un novo xeito pra elixir aos gobernadores civís. Confeso que pra mín en ningún intre aparéz con craridade coal é o pensamento que rixe a visión políteca que Brañas ten do noso país: basa e fondamenta noso feito difrenzal no celtismo, dí que é perciso salvar as istituzóns seculares do perigo dun código xeral, arela a consagrazón xurídeca das antigas nazonalidás hespañoas, e dispois de percisar que «el objetivo regionalista debe ser acabar con el sistema parlamentario preparando el triunfo de la doctrina regionalista por medio de la representación de clases, o sea, elección directa hecha por los gremios», crama, no intre no que a sua adourada unidade do estado hespañol está a crebarse pol-a emancipazón das derradeiras colonias: «Vamos a donde van Irlanda y Hungría y Bohemia y todas las razas eslavas».

Ninguén reputou ao vello Carré Aldao como un xurista, nen como un políteco, nen tan siquera foi encaixado entre os nazonalistas, e con todo dixo dos versos de Rosalía que son «como o berro de loita dun pobo escravizado», e afirmou que a fala é a ialma dun pobo e o xugo que máis aperta aos homes entre sí e máis os prende á patria, e pregou que non deixásemos que a nosa língoa ficase enfaragullada nun idioma vulgar, e, con verdadeiro senso profético, cunha comprensión verdadeiramente nova da Europa, escribía: «¿Seguirán tan ciegos nuestros hombres de Estado que no sepan utilizar esta fuerza

(1) *Discurso pronunciado en la apertura de curso de la Universidad de Santiago el 1.° de octubre de 1892.*

(2) *El regionalismo gallego*, Santiago, 1891, páxs. 24, 27 e 201.

que se presenta, para renovar gastados sistemas? No lo sabemos: quizá cuando el regionalismo, aplicado con arreglo a los progresos modernos, haya vuelto a sus pasadas grandezas estos viejos y caducos estados europeos desangrados y aniquilados por su mismo poderío, por un uniformismo que todo lo agosta, iguala y esteriliza, y por un cesarismo que consume todos los recursos, quizás entonces caigan nuestros gobernantes en la cuenta de que debe aplicarse en España, y será tarde. Pudiendo haber sido de los primeros en su implantación, nos contentaremos a ser simples copistas».

Dúvidas, incertezas, vacilazóns, un sentimento de rebeldía unáneme e un máis unáneme amor afervoado, apaixoado, ao noso chan, seguiríamos sinalando en Vicetto, o marqués de Figueroa, Díaz de Rábago, Saralegui Medina, Xoan Manoel Espada, Formoso Lamas, Núñez Sarmento, Marsal, Pérez Ballesteros, i-en tantos e tantos máis. Todos eles, todos, andan preocupados no sagro vencello de refacer a persoalidade da nosa Terra. *Non cobizamos ser máis que galegos,* escribíu en Santiago vai pra un século o xornal «El Porvenir», i-este berro *é o de Varsovia contra os rusos de Madrid,* e o cartel ben recollido de beizos en beizos e de man en man hastra os nosos tempos: nuns apaixoadamente como se ten ollado; noutros sereamente, en aparenza sen preocupazón políteca, mais no fondo cunha certeza máis rexa das obrigas, como no caso de López Ferreiro. En conxunto percébese a reaizón cunha pruralidade de causas por vegadas trengueleante de desconcertos: nuns é o protesto contra os desdéns seudocentífecos e señoriteiros de D. Xohan Valera; noutros contra a inxúrea procaz e destemprada de Sánchez Moguel; nuns goce simpresmentes literáreo, e noutros soio preocupazón de senso económeco ou xurídeco; nuns localismo superafeitivo e inmediato, noutros unha visión integral do probrema que os facía confesar, como en Aurelián Pedreira, que o rexionalismo abrángueo todo: a orgaizazón políteca e adeministrativa, a orden xurídeca, a esfera artísteco-literárea, todo, en fin, canto é manifestazón da vida social (1). En todos, con perfeita unanimidade, amor e comprensión que fora da Galiza non amostraban homes tidos por superiores e mestres. Castelar adiviñou, en parte, os novos tempos; os outros nen eso. Núñez de Arce tiña ao galeguismo por *tímido, inofensivo y nebuloso,* e considerábao *como un vago anhelo nada más;* esta ideia ainda é aceitada pol-os máis alen de Quereño, e percísase topar co esprito requintado dun Euxenio D' Ors pra ollala desmentida (2).

(1) *Galicia,* ano 2.°, n.° 4, páx. 148.

(2) Di na *Introducción al estudio de la Hispania Atlántica:* "de todos los

Mais por enriba de todol-os razonamentos, ún nos fai cismar e confírmanos na ideia de que aquelas xerazóns ían máis alá do que poidera supórse: o caudilo, o xefe, o mestre, o apóstolo, aquele a quen todos seguían, foi D. Manoel Murguía; e acarón dele camiñaban todos e o seguían apraudíndo-o, e Murguía falaba craramente, sen dar tempo ás dúbidas nen ás incertidumes. Distingue, percisa, a difrenza dos conceitos de Nazón i-Estado, e acusa aos que os confonden: refiríndose a Saavedra, nado na Catalunya e de apelido galego, dí que responde *ás suas duas pátreas, á de nacemento e á de orixe;* dí *que Galiza ten todal-as condizóns que se percisan pra formar unha compreta nazonalidade;* proba que *endexamáis perdeu a sua persoalidade nazonal;* escrebe a sua Histórea pra que nos decatemos *da grande forza reivindicativa da nosa nazonalidade* (vol. IV), e cando nos *Precursores* lembra aos estranos e aos galegos febles ou treidores, afirma: «Somos ciudadanos de una patria distinta, servimos otros altares, no queremos por hijos a los que desertan de las banderas a cuya sombra combatieron sus padres» (1). Escrebe a *Historia de Galicia* «querendo erguer a un pobo», e pra que se coñocese ben e pronto, *pra que a lumieira do pasado ilumiñe o noso porvir,* pra que as istituzóns galegas esperten e resuciten *de aquella tumba en que las habían encerrado,* como para siempre, las *corrientes y las fuerzas centralistas* (2), i-escrévea tremente de emozón, con bágoas nos ollos, como axoellado, *que si hai moito de sagrado en toda iniciazón, non-o hai menos na rehabilitazón das nazonalidás descoñecidas ou negadas* (vol. III). Percorrendo este seu libro fundamental, encóntranse afirmazóns xurdias, cun bramido de milenios: *pra os estranos, o mesmo que pra nós, Galiza é o contrario da Hespaña... ninguén poderá dicer si aquele bispo compostelán que quixo entregar Galiza aos ingreses, faríao ou non créndo questes eran pra nós menos estranxeiros que os príncipes e seores da coroa de Castela* (3).

Fala como un apóstolo nos xogos frorás de Tui do 1891 e no seu discurso, o 24 de xuño, dí do noso idioma «que nos dá dereito â enteira posesión da terra na que fumos nados, e pois nos fai un pobo distinto, debemos selo. Xa temos as nosas táboas da lei —afirma—

separatismos peninsulares confesamos ser el gallego el que nos turba más; habrá que dedicarle algún día un aparte de ahincada reflexión".

(1) Coruña, 1886, páx. 18.

(2) *Orígenes y desarrollo del regionalismo en Galicia.* Confrenza dita na Lliga de Catalunya en maio do 1890, e pubricada nos números 1 e 2 de *La Patria Gallega*, Santiago, 1891-92.

(3) *Historia de Galicia*, 2.ª ed., tomo I, páx. 9.

e froreceu a vara de Araón; xa saímos da casa de servidume no mes da nova recolleita: que teñan en conta os que se dín os nosos amos, que canto máis sofridos fomos máis dereito temos a non seguir sofrendo, tanto máis fixemos o que lles praceu tanto máis dereito temos a facer o que nos praz», e remata dirixíndose a todol-os nosos ofensores: «que tanto en fin habedes berrado, que é xa hora de que a nosa voz pase por riba da vosa».

Verdadeiro doitriñario de galeguidade é a refutazón que fai na revista *Galicia* ao discurso académeco de Sánchez Moguel (1). Eiquí lêmos que Galiza vive non a desgosto, mais tampouco de tan boa vountade como se lle supón baixo o imperio de xentes e de cousas que lle son contráreas; non aceita que en nome dun estado todopoderoso reneguemos da nazón a que pertencemos, i-escrebe na páxena 161: «o perigo que por esto corre o Estado hespañol de que se afonden as defrenzas que nos afastan e troquen en sinalada hostilidade as relazóns que ao presente xuntan ás difrentes nazonalidás de que se compón, é tanto maor, canto que Galiza fica costantemente solicitada por Portugal, que pode nun intre doado vir no seu ausilio e tomala pra sí, sen que nos doia nen moito menos».

Na xusta e percisa revisión de valores que as novas xerazóns están a facer, ceifando pol-o renacemento, a figura de Murguía adiántase a nós e acrécese cada vegada máis namentras tantos outros, que a nosos abós semellaban intelixenzas supremas e aos políteco do 98 arredistas de fogo o coitelo, vanse difumiñando na poeira da vulgaridade; vanse perdendo na lonxanía do esquecemento. Murguía, tido algún tempo por escritor de pouco máis ou menos, valuámolo hoxe como un dos primeiros e mellores; tido por historeador eiscesivamente poético e de non moita veracidade, váise ratificando nos seus achádegos e confirmando nas máis recentes descobertas; tido por un cuasi políteco de conceizóns pouco máis que xornalístecas, aparéscesenos neste intre sen dúvida como o precursor de visións máis compretas e totalitáreas; de pensamento máis forte e ainda de eispresión máis aceirada e xurdia.

E noutro tempo falaremos de como Galiza foi sentida, comprendida e interpretada pol-os nosos poetas do XIX.

ALVARO DAS CASAS.

(1) "Ligeras observaciones al discurso leído por el Sr. D. Antonio Sánchez Moguel en su recepción en la R. Academia de la Historia, de Madrid, el 8 de diciembre de 1888". Ano 3.°, n.° 3, páx. 152; n.° 4, páx. 233 e n.° 5, páx. 257.

NACIONALISMO GALEGO

Formas modernas de nacionalismo

Se o nacionalismo, na sua forma moderna, nasceu e costituíuse en doutriña jurídeca no século XIX, en realidade, o século do nacionalismo é o presente século XX. Endejamáis se presentou tan enrabechado, nen colleu formas tan diversas e divergentes. E elo, en grande parte, efeito d' unha forte corrente contraria que vai da Sociedade das Naciós â Paneuropa do Conde Coudenhove-Kalergi e outros. Ousérvese já dend' iste istante que ideias com' a da Sociedade das Naciós coma futuro super-Estado, e ainda a da Paneuropa, son profilladas por moitos nacionalistas modernos. En geral, os nacionalistas de hoxe raramente s' estreven a contradecir a ideia universalista. Eixemprar é n-isto, a decraración de principios do Partido Galeguista: «Galiza, célula da Universalidade».

Non imos arestora faguel-a críteca d' esta ideia, senon siñalar algunhas desviaciós típicas do nacionalismo no tempo que corremos.

A máis coñecida d' elas é a que chaman *imperialismo*. O imperialismo é unha sorte de hipertrofia do sentimento e da ideia nacional, que se sole dar nas naciós independentes que forman por sí un Estado. E sólese dar n-aquelas naciós que no ámbito do seu Estado incruien outras naciós que lle están por iste feito subordiñadas, como era outrora o Imperio austro-húngaro dos Habsburgos, como ainda o son antre outros a Inglaterra (con Escocia, Gales e as suas colonias), Francia (con Bretaña, País Vasco, Provenza, Alsacia) e en geral todal-as naciós con respeito âs suas colonias. Ousérvese de camiño que a Sociedade das Naciós —que pra moitos pasa por unha istitución nacionalista, no senso de proteger âs pequenas naciós— ten consagrado o imperialismo colonial por meio, antre

outros recursos pseudo-jurídecos, do sistema dos *mandatos*. Mais iste asunto do régimen colonial tampouco é d' iste lugar.

O imperialismo, fora das colonias, exércese sobre das naciós subordiñadas, negándolles a autonomía, cando a recraman, e ainda d' un geito máis opresivo, precurando a sua asimilación por meio da supresión das caraiterístecas d' aquelas naciós (lingua, costumes, dereito, religión, etc.) Crar'está que n-isto, algunhas medidas proteitivas ten adoptado a Sociedade das Naciós, a prol das *minorías nacionás*, coma já deixamos dito.

Non é que a ideia imperial sexa unha cousa ruín en sí. A ideia imperial pode chegar a unha coincidenza coa ideia da Paneuropa, por eixempro. Ainda máis: o Imperio había ser se cadra a úneca forma práitica de chegar â Paneuropa, o úneco geito de se realizar unha grande federación europea, d' unha sorte semellante ao *commonwealt* británico. O qual imprıcaría, dende logo, o recoñecimento dos dereitos das pequenas naciós integrantes do Imperio, o qual, inda que a verba semelle estrana e fora de tempo, tería que coller unha forma feudal. Porque d' outra maneira, por libre acordo dos pobos, ou en calquera outra forma democrática, non é doado que se chegue a formar unha grande federación. Federación que non ten que ser necesariamente europea: já eisiste a federación británica con naciós en todal-as partes do mundo, e eisisten Estados históricos na Europa que poderían tentar algo semellante.

A ideia imperial hai que dala en troques coma ruín, cando s' exerce na forma asimilista devandita, adentro das fronteira actuás do Estado. Precisamentes, en contra d' ela naceu o nacionalismo defensivo, de que eiquí tratamos, e é n-iste senso no que imperialismo e nacionalismo se contrapoñen como ideias antitéticas.

Tamén hai que dala coma ruín, â idea imperialista, cando fora das fronteiras sinifica agresión violenta a unha nación libre, ou a outro Estado pra roubarlle todo ou parte do seu territorio.

Outro desviamento do nacionalismo é o que chaman *fascismo*. Tampoucó a ideia fascista é ruín en sí. O fascismo é máis propiamente nacionalista qu' o imperialismo clásico. Coma movemento políteco, é un movemento nacional contra das causas de descomposición interna d' unha nación, e tende â concentración das forzas nacionás contra da dispersión e crebantamento d' elas, originados pol-os partidos políteco, loita de clases, manejos da outa finanza,

relajamento das costumes, etc., etc. E *n-iste senso* non é cousa ruín. E ainda hai que ter en conta outra cousa: os fundamentos doutriñás do fascismo. Non se pode dar moito tino aos invocados pol-o nacionalsocialismo alemán, que son já cousa desorbitada e fora de cacho. Mais os que pra o fascismo italián formulou en 1925 o Profesor Alfredo Rocco, da Universidade de Padua, son moi dinos de ser tídos en conta, porque veñen ser os da Escola Histórica do Dereito, do gran romanista alemán Fradique Calros de Savigny. A escola histórica do dereito pretendía que o dereito e as leis, a orgaización políteca e social d' un pobo, non deben depender nen dependen de feito endejamáis da vontade nen do capricho dos homes, senón que veñen impostas pol-as circustancias geográficas e históricas e pol-as necesidades económicas e culturás dos pobos, e pol-o tanto non poden ser trocados cando se queira, nen coma se queira, senón que toda lei tense qu' ajustar âs circustancias de lugar e tempo. Toda lei ten que ser ageitada â maneira de ser material (circustancias geográficas e necesidades económicas) e moral (caraute e costumes) do país pra o que se dá, porque d' outro geito non ten máis remédeo que fracasar na práitica, e causar danos namentras non fracasa de todo. Isto é, precisamentes, o que eiquí se ven procramando hai moito tempo, pois estase apalpando en Galiza ben craramente os efeitos desastrosos das leis feitas pra outros países moi difrentes, e que nós temos qu' obedecer.

Temos, pol-o tanto, esas duas coincidenzas co-a doutriña do fascismo: 1.ª O pretendermos unha concentración das forzas galegas, contra das loitas políteca, de clás ou d' intreses particulares, pondo por riba d' iso todo o ben común.—2.ª O pretendermos que a orgaización e a legislación que rixan en Galiza s' acomoden ao modo de ser da nosa Terra.

Mais o fascismo contén outros principios que costitúen verdadeiros desviamentos do nacionalismo, que son: a confusión da Nación co Estado, o sacrifizo do individo ao Estado, e a prepotenza do Poder executivo.

Asina, cando o Profesor Rocco asegura que o Estado é unha entidade histórica composta das geraciós pasadas, presentes e futuras, nós diríamos que iso é apricar ao Estado unha das difiñiciós da Nación. A Nación é iso, sen dúbida ningunha, mais o Estado non é iso: o Estado é a orgaización jurídeco-políteca da nación, é a

orgaización do poder na nación, mais non é a nación mesma. Craro está que, tratándose d' Estados homogéneos, coma ven ser Italia, coma a mesma Alemaña, non é grande a dificultade. Esta preséntase cando o Estado engloba varias naciós difrentes, con caraiterístecas propias: n-iste caso, já non se pode, asegún os principios da escola histórica, que son os do fascismo —e que actualmente veñen ser tamén os dos etnógrafos da escola histórico-cultural, en relación co-a antropogeografía— apricar a todal-as partes do Estado unha orgaización e legislación homogéneas, sen cair n-unha gravísema contradición. Compre ademáis ter en conta que o Estado é unha forma políteca que pode pasar, pode desaparecer mesmamente, pódese trocar, namentras que a Nación queda sempre. D' eiquí ven o que o fascismo se presente moitas veces coma imperialismo, ou coma nacionalismo agresivo.

Tocantes aos outros puntos, os dereitos dos individos son, coma os dereitos dos pobos, das naciós, previos a toda forma políteca ou jurídeca, e nen o Estado nen a nación poden anular os dos individos, nen permitir que os exerzan en contra da nación. Precisamente, todo dereito e toda doutriña políteca é pra isto, e debe ter en conta a primacía fundamental da vida privada. Pode que as circustancias do actual istante histórico requiran unha accidental concentración do Poder, precisamentes pra combater aquelas causas de descomposición interna a que aludimos, mais se non debe esquecer a sua accidentalidade. En todo caso, téñase en conta que si o Imperio —no senso d' un maor poder do Estado: *imperium*— é a par, o nacionalismo —no senso dos dereitos dos pobos— é a justiza.

O *comunismo* ten favorecido âs veces de feito e por escrito os dereitos das pequenas naciós. Hai incruso un nacionalismo comunista. Mais os principios comunistas puros son máis ben universalistas, uniformistas e cosmopolitas, pol-o tanto, contrarios ao nacionalismo. Encomenzando pol-o principio da loita de clases, que contradíz o de cohesión nacional, que os nacionalistas procraman. Coma toda tendenza igualitaria e niveladora, o comunismo —e o socialismo— quixera botar abaixo todal-as difrenzas de clás, de nacionalidade, de religión, etc., etc.; procraman unha cultura proletaria, contra todal-as culturas tradicionás. O qu' acontez é que o comunismo atopouse con que o sentimento nacional era en todos lados máis forte que o sentimento de clás, e tivo que transigir coil.

Por iso a Repúbrica rusa colleu unha forma federal, que non impedíu o xurdimento do nacionalismo en Ukrania e n-outras partes. Por iso fora da Unión de Repúbricas Soviéticas, utilizárono coma elemento de revolta e descontento nas naciós fortemente oprimidas. Mais non porque poda haber coincidenza de intenciós.

O derradeiro e cecáis máis importante desviamento do nacionalismo é o que podemos chamar nacionalismo *reformista* dos pobos estranos â cultura oucidental. É o repersentado na China por Sun-Yat-Sen, no Afganistán pol-o rei Amanullah, e principalmente en Turquía por Mustafá Kemal. Junta unha forte exaltación nacional c' un derrocamento cumprido da tradición; reveste carauteres do comunismo e do fascismo. Non é novo: na Rusia repersentouno Pedro o Grande, e no Japón, Ito, Yamagata, Fuzugawa e seus compañeiros. O caso actual máis agudo é o de Mustafá Kemal, que pode decirse é un verdadeiro asesino da sua patria. Ata certo punto, esprícase, nos países onde se praitica, pol-a arela d' erguer a patria por frente dos oucidentás que a asoballan con armas de guerra e de produción moi superior; é unha verdadeira aititude de desespero, que sacrifica a un éxito militar e industrial, o verdadeiro ser da patria. En realidade, trátase de probes espritos que perderon a fe na cultura tradicional sen podírense adonar deica o fondo da dos seus nemigos. Asia está perecendo nas mans d' istes patriotas asiáticos, cuyo tristeiro e criminal patriotismo consiste en trocar a sua patria verdadeira por outra que sexa igual â d' aquiles a quen odian a morte. Nada máis infame, máis grotesco, nen máis plebeio qu' iste nacionalismo materialista e envejoso de descastados, de inferiores engayolados pol-o refugallo da nosa civilización que nós encomenzamos a dispreciar, de estúpidos e miserábeles *felahs*.

Ora, iste anti-tradicionalismo vergoñento e mimético que repersenta o kemalismo, ten unha manifestación difrente, que s' enfeita con verbas cintilantes pra conquerir a simpatía da gente, no nacionalismo *futurista* erguéito pol-as mocedades d' algús países, incruso ben perto de nós, en Cataluña, onde algús, baixo do nome de «Revolución catalanista», propugnan «o risco e a aventura en todal-as manifestaciós do pensamento e nas realizaciós d' orde plástico e literario». Ao principio de Charles Maurras: «Todo o que é nacional é noso», opoñen o de «todo o que é noso é nacional». Ou seña que en lugar d' amaren â sua patria atal e coma é na sua

esencia, o que queren é criar unha patria â sua image e semellanza, unha patria nova e arbitraria que dende logo non é a sua natural. O qual non é outra cousa máis que cairen n-un kemalismo difrente, mais equivalente; sen modelo alleo, mais c' un modelo forjado no magin de quen pode non interpretar ben o senso da propia cultura, precisamente por se sintir futurista de máis. S' isto acontez, p. eix., en Cataluña, non é máis que porque aquela gente olla de máis pra fora, áchase engayolada de máis por eixempros alleos que pegue non pegue queren seguir. E coidando que siguen ispiraciós propias, o que siguen son sugestiós alleas. Isto, fora do perigo de dispersión qu' esto leva consigo, cando se trata da reintegración total d' un país.

E fica, coma cousa importante, o *racismo,* que tantos odios esperta ergueito por Hitler e os seus nazionalsozialistas. Craro está que non todo o nazionalsozialismo é racismo, mais é o que n-il máis chama a atención. O racismo é moi anterior a Hitler. De hai moito tempo eisiste un pangermanismo e un panslavismo. O racismo, no caso germánico, ven da teoría do Conde de Gobineau, que tanto seducira ao noso Murguía, da superioridade da raza arya ou indogermánica, cuios máis puros repersentantes son os germanos. Sendo esta raza a úneca que ten aptitude pra a outa cultura, e achándose degenerada por todos lados onde se misturou con razas inferiores, a todol-os pobos onde isto aconteceu, cómprelles unha nova infusión de sangue germánico que costituia n-iles o elemento direitor. O qual justifica a domiñación germánica no mundo.

É natural que esta ideia nona podan aturar os que non son germanos, e que bufen de carraxe cando a escoitan enunciar. Outro cantar é que sexa ou non sexa certa. Mais resulta tamén que non son somentes os germanos a procramaren a sua superioridade racial. A soberbia de raza antiquisma, pura e de superiores aptitudes entra por moito no nacionalismo vasco, e en moitas cousas con certa razón. A ideia racial move tamén aos Celtas de Armórica, Irlanda, Gales e Escocia, etc., etc.

Tamén Murguía quixo invocar a prol de Galiza o argumento racial, citando pra elo a Gobineau. O certo é que, na poboación galega, os elementos celta e germánico semellan predomiñantes, e dende logo máis abondosos que en ningunha outra terra da Península.

Non diremos que sí nen que non, n-un asunto tan espiñento; o que compre dicir é que o factor raza non se pode deixar de ningunha sorte pra un lado, e contra do argumento da mestizage, que hoxe —precisamentes coma reaición contra do racismo— nos andan machacando a toda hora, repetindo o de que «non eisisten razas puras», diremos que as razas endejamáis se misturan de todo e que na poboación de máis comprexa e antiga mistura, sempre se poden recoñecer os primitivos compoentes, cecáis por aquelo da disociación dos carauteres, e da tendencia nos sucesivos cruces a reproducírense os tipos originarios. E sobre todo, que ninguén veña co-esa antigualla de dolicocéfalos e braquicéfalos.

VICENTE RISCO.

(Prohibida a reproduzón).

ARTIGOACIÓN NACIONALISTA DE EUROPA

Ao contemplar con intelletto d' amore o duro espeitáculo político da Europa, con todal-as suas secuencias, as inquedanzas revértense esvaídas na amargura da situación aitual. Ergueita coma castelo roqueiro sobor dos campos ermos onde loitan as vontades faiciosas por unha soma de domiño, dibúxase a *individualidade nacional*, racioalmente equilibrada, antre as liñas perfiladas pol-a natureza. Ao seu redor, as terras cansas dun liberalismo non logrado, a sequedade desgazada das dictaduras, os ardentes pulos nihilistas da violencia e da destrución. Feixismo, Marxismo, Liberalismo, disputánse nistas horas de sensibilidade enfermiza, o porvîr da Europa. As preocupacións non se satisfán con programas políticos, e penetran na vida social, na íntima natureza i estroitura da cooperación humâ. O desenrolo da téinica e a universal tendencia ao realismo pugnan por se identificaren coa *idea* latexante nos anceios da masa. E o chamado orde xurídico e a auténtica esencia da libertade atravesan unha traxedia íntima, atacadas i escurecidas pol-a forza do subconscente.

As verdadeiras persoalidades nacionás fican descoñecidas pra os ductores das ideas predomiñantes. E o problema das pequenas nacións mantense tan grave e tan incomprendido como naqueles intres en que aparecen con fito alboreal no esceario do mundo.

Sin embargo, os fins das nacionalidás, os desiños das suas investiduras xurídicas, flotan hoxe no balbordo imperante, coma voces da terra, chamando a cada pobo, ao traveso dun soño ideal e real, cô nome da sua contextura diferencial, pra refacer o universo, na xusticia de cada ún dos seus membros, recoñecidos coma tás.

A idea do mundo latinoheleno

Varios nomes e temas representativos da conceición xêral do mundo latinoheleno poidéranse amosar pra o análisis dos seus sistemas de orgaización e artigoación nacional.

No período áureo que sinala Monunsen, a República opúñase âs institucións bárbaras, en que a orgaización era reglada —imperium legitimum—, namentras que antre os bárbaros era dictatorial e arbitraria. Era o que os helenos chamaban unha democracia ben rexida que puxo de releve Aristóteles nos Gobernos das cibdades a que él pasaba revista na sua Política.

Deteñámonos, precisamente, no xeito cívico, na civilización dos helenos. Cando mil cinco centos anos denantes de Cristo todo é orental no mundo, os fillos do Septentrión axitan e inflaman con nova vida aos pobos dexenerados. A emulación dos dorios e xonios dura tanto coma Grecia. En Maratón, en Salamina decídese a superioridade da civilización europea sobor da asiática. A raza helénica recolléu o feixe de vellas civilizacións mercantís da Mesopotamia, do Exipto, Susiana e Caldea, conformado ao longo dos grandes camiños do comercio e transmitido a éla pol-os fenicios. Despois as colonias gregas, fixeron chegar as ideas esenciaes humâs, clarificadas e depuradas pol-o xenio heleno, deica o mundo latino. As cibdades dóricas da Grecia primitiva, sostiñan a inmanencia do sistema do *demos* ergueito por todo o país. Pesie a todo, ainda hoxe se manteñen coma símbolo ístes dous nomes: A *Atenas* democrática, basada no ambente cultural matizado pol-a fineza xónica, e a *Esparta* sólida, basada en rexa xerarquía social e na eisaltación do Estado.

En Roma, tamén, a ponderación e a medida, as funcións e as maxistraturas, a separación i equilibrio de poderes en termos vagos, apareceron coma siños do ideal democrático diferenciador dos pobos bárbaros, que apunta Monunsen. Pero a aitualidade de Roma é un mito cesáreo, é o Imperio que treme no mundo, O Vae victis! pronunciado por Breno e o señorío logrado tras das guerras samnitas, que alentan as conquistas imperiás baixo do lema, «Facer un orbe do que denantes era unha urbe». A negación do demos e da libertade, a imposición dunha forza e dunha cultura, ensomecen o auténtico senso latinoheleno da política e do goberno dos pobos, donándolle un perfil desvirtuado.

A tesis de Maquiavelo

En belidas disertacións políticas, Maquiavelo, o clásico florentino, razoa i estroitura unha tesis que tivo decisiva influencia na conceición do Goberno dos Estados. Nunha prosa sobriamente real clasifica en catro grandes clases de Principados laicos aos Estados non republicanos, ademáis dos principados eclesiásticos. Principados herdados;

Principados Civís; Principados novos e Principados mixtos. Nos primeiros abonda con respetar a orgaización estabrecida pol-os antergos e contemporizar côs acontecimentos. Os Civís son aquéles en que un cibdadán chega a ser Príncipe coa asistencia e o valor dos seus concibdadáns. Soio compre pra élo têr astucia pra sostêr o favor do pobo e mantêr a sua libertade de mando, contra das coaccións dos magnates de berce ou poderío. Os Principados novos e os que sin selo, figuran coma membros xunguidos ao Estado herdado do Príncipe que os adequire e xuntos constituien un Principado Mixto; son os máis difíciles de rexir e os que someten âs máis duras probas as dotes persoales do Príncipe e Condel que os conquista. Nistes dous derradeiros, deita Maquiavelo, as suas ademiracións e os seus amores (módulos míticos de Moisés, Rómulo e Teseo; exemplos históricos de Francisco Sforza, de Milán e de César Borgia). É a pintura espeitacular da paixón do Poder, a violencia temperamental do Renacimento, xa que nista época deuse a aurora do imperialismo individualista. Maquiavelo inicia o gusto italián pol-a política de arrisco que nistes intres se teima restaurar. E Maquiavelo, tamén, supón que César Borgia estivo a punto de crear a unidade italián coa sinxela *mise en œuvre* da sua refinada astucia. Nas preferencias do mestre florentino hai unha descarnada base que aproveitaron os imperatores de vontade forte pra amoldar pobos e razas ao guantelete de ferro do seu poderío. Hai un esvaecimento conceitual que deu imaxe de autoridade aos grandes autócratas do Renacimento, denantes de morrer na Historia.

As tendencias contra a Escola Romántica

Coma reaición contra a Escola Romántica e o hegelianismo xurdíu unha tendencia nos derradeiros anos do século dazanove, que esnaquizóu o criterio meioevalista, argüindo a imposibilidade de que a mentalidade do pobo, na época feudal, fose eispresión de caráiter algún xenuino de raza. Pero sin atopar o axeitado termo antitético, perdeuse nunha posición materialista e sin coordinamento orgánico. A sua fonte orixinaria non é o materialismo, que derivóu da esquerda hegeliana, sinón o idealismo dun Lutero, Kant, Fichte e Hegel, considerando, ademáis, que o materialismo que acompaña coma señolo filosófico ao socialismo, é unha cousa histórica e secundaria e unha exisencia da loita. Coa idea de Humanidade hai que encher a idea de nacionalidade, ven a decir Jaurés. Mais o intre de reaición manifes-

touse no definido criterio do materialismo histórico, na liña negativa e vontariosa da loita de clases.

Tampouco a outra reaición â escola romántica, pol-a beira do dereitismo, Nietzsche e os imperialistas da Kultur, conquerfu sair do materialismo da loita de razas.

As novas tendencias, alonxadas das liñas da espritualidade non subsumían sinón orentacións antitéticas â escola romántica. Pol-o demáis, o siño cantitativo de masa da primeira, e o guión calitativo de valores cegos da segunda, confundiron o verdadeiro senso de goberno pra unha vindoira estroituración equitativa nacional.

En definitiva; as Ideas do mundo latino-heleno, a Tesis de Maquiavelo e as Tendencias contra a escola romántica, foron motores decisivos na aitual conformación política de Europa, nos sistemas que hoxe disputan o seu predomiño e nos pobos que buscan néles a solución pra os seus problemas de xusticia e civilización.

A mística nacional de Italia e Alemania

O movimento feixista que xurdíu coma unha reaición contra o vello Estado liberal demócrata e contra os avances da democracia social e do bolchevismo, tén o seu principal asento na terra de Italia e no país xermano. Movimento marcadamente espeitacular, afirma en detonante proclamación, o encadramento do individuo dentro do seu propio quicio, dentro da división do traballo, económica e social. O Estado-deus funde o interés individual cô interés social no arbitrio persoal dun Dictador. Declara solemnemente que sober de todos está a Nación, que é unidade moral, política i económica, integralmente realizada dentro do Estado corporativo feixista. Alonxado das normas da Natureza e sin unha base de contído xurídico, defínese Italia na arbitrariedade dunha unidade xurídica, que non eisiste, porque rompe e atropella os dereitos diferenciaes das nacionalidás que a compoñen; dunha unidade económica que mide con raseiro igualador, as peculiaridás diversas das distintas terras que a integran; dunha unidade política, negadora das libertades atribuídas pol-a natureza aos seus pobos compoñentes; dunha unidade espritual falsa, porque en cada nación latexa un alma e vive un anceio oposto ao do Todo artificioso.

Con unha mística nacional apócrifa, tamén, érguese o nacional-socialismo alemán, dibuxándose coma sepultureiro dos dereitos dos estados que compuñan o réxime federal. Xa non se respetan os criterios de diferenciación das distintas nacionalidás. O tídoo primeiro do programa dos vintecinco puntos anúlaos. O lema é: «realizar a unión

de todol-os alemás sobor da base do dereito a dispôr dos seus destiños de todol-os pobos pra constituir a Gran Alemaña».

O mito do Héroe —César romano— obligando â xenuflexión ao mundo. A idea do Príncipe - Principado novo de Maquiavelo— fitando con ollos esquemáticos, normativos, â conquista do Universo.

Programa de Rusia

A ideoloxía de estroituración rusa básase na negativa do conceito de «nación». O bolchevismo conquistóu un Estado rompendo todol-os xugos coa Libertade. Onde hai Libertade non hai Estado. A Libertade é un prexuicio burgués. Os factores da Revolución e os conformadores do aitual sistema orgaizador das Repúblicas Soviéticas, ademitiron e respetaron oficialmente a lingua, e o principio de autogoberno de cada unha délas. Pero a Dictadura rusa do proletariado ductora da inmensa máquina de refacción popular i estatal, defínese na loita por suprimir a persoalidade. E si a persoalidade individual tén de triturarse, anularse na máquina, a persoalidade nacional de cada nación soviética, tamén, por ende, non pode eisistir. A idea do persoal, da concencia autónoma, da libertade, atópanse borradas do diccionario marxista e do programa bolchevique. Rusia que é unha unidade de civilización *a se*, non constituie unha federación de nacionalidades autónomas. Conseguintemente —continuando o fío do noso credo— o respeto oficial â lingua e ao principio de autoctonismo das diversas Repúblicas Soviéticas, non deixa de ser unha ficción. Homes o pobos feitos engranaxe na máquina relixiosamente tiránica do gran Estado. A tipicidade eslava restituída ao seu xenio íntimo, defíñase no mito doctrinario daquela corrente europea que, coma reaición â Escola Romántica, tíñamos ollado no campo do materialismo histórico, no pulo vontarioso da loita de clases.

O Programa de Rusia, pois, non é tampouco un programa de libertade nacional.

Francia epicentro do liberalismo

Si pensamos na idea de libertade, ou no conceito de humanicidade ou progresividade, temos que ir a arrolarnos no berce de Francia. Os dereitos da democracia foron conqueridos coas luces da Ilustración francesa, côs dictados da Enciclopedia. Humilde, escarnecida, asoballada era a idea do dereito a que, desenfrenadas as crueldades feu-

daes, aspiraban os filósofos jusnaturalistas, anceiándoa con invicta fé dende os sinxelos recintos das suas estancias fradescas. Aquela idea que eispresaba a necesidade máis fonda da concencia humâ, trocouse en fulgor incendario cô lema da Revolución francesa: Libertade, Igualdade, Fraternidade.

Proclamouse a Carta dos Dereitos do home, i en troques prescindíuse de recoñecer a verdade inmorredoira dos Dereitos dos pobos. Asín, a democracia reprodúxose bifronte, dualista, monstrosa. Non acadóu o horizonte amplamente belido en toda a sua integridade. Hoxe Francia, país que se define liberal, parlamentario e demócrata díctase nación na sua Carta Constitucional, amosando unha faceta imperialista, na exacerbada política centralizadora que persigue. E sobor das nacionalidás auténticas que compoñen a terra franca, dá solta aos seus instintos feudaes de opresión.

A crisis da idea democrática que está â orde do día, e que os vellos adoradores do pasado, non arrodean de misterio algún, nútrese principalmente da orgánica desconfianza con que a democracia manifesta acoller hoxe en día o completo idearium da sua finalidade. Idearium dibuxado xa, na Grecia clásica e postclásica, dos cadros xurídicos de Monunsen e na época oicedentalmente romana de Augusto.

Francia, epicentro do liberalismo é o argumento máis firme do seu descreto, en canto resolta nun sistema férreamente centralista, nega a verdade inconcusa do Dereito natural, nas liñas das suas nacións diferenciadas.

A auténtica solución nacional

O esquema resolutivo dunha artigoación nacionalista de Europa está no réxime de independencia de cada pobo, na sua autonomía, na sua vida «a se», en relación de convivencia côs demáis. A *nación* feito moderno non é a composición artificiosa dun longo territorio, nin o reflexo imperial dunha norma imposta pol-o Estado. A *nación* é a realidade, tradicional, lingüística, natural e histórica dun grupo de xentes, proieitada nun espacio xeográfico, de vivir a sua propia vida.

Os movimentos de redención nacional dos fineses, dos polacos, dos lituanos, dos ukranianos, persiguen eso.

As loitas libertadoras de eslovacos, eslovenos, croatas e húngaros revístense da misma finalidade.

Alsacia e Lorena, a Bohemia, Creta e a Vella Servia non buscan outro obxetivo no seu historial político.

Irlanda, Bretaña francesa, Cataluña, Basconia e Galicia, desexan ao longo do seu batallar pol-a Libertade refacerse en nación irlandensa, bretona, catalana, basca e galega, respeitivamente, pra conquerir o auténtico cerne do seu Esprito, e a verdadetra entrana da Sua Raza con arreglo ao seu sentir e âs suas peculiaridás e posibilidás, encarnadas no fío da tradición con ialma de modernidade.

Ista sí que é a libertade e a democracia, e a solución de Europa artigoada nacionalmente ao traveso do seu fito creador.

FRANCISCO F. DEL RIEGO.

INFORMAZÓNS

O PREBISCITO DO SAAR.—*O 12 de xaneiro o Saar decidíu, en prebiscito controlado pol-a Sociedade das Nazóns, a sua aneisón á Alemaña.*

O Saar ten unha superficie de 1.881 km. cuadrados e 769.867 habitantes, dos cuás son católecos 558.857, protestantes 199.099, israelitas 4.038 e pertencen a outras relixións 8.036; estadística do 1927. Na aitualidade a poboazón acaso pase dos 900.000. A sua mellor riqueza é o carbón e a metalurxia.

O Saar estaba suxeito á S. das N. dende o 26 de febreiro do 1920, mes e meio despois da ratificazón do paito de Versalles. Aitualmente presidía a sua comisión de goberno o cidadán ingrés Mr. Knox, e colaboraba con esta comisión unha asambreia de 30 diputados. O Saar dende o 1925 ficara incorporado ao sistema aduaneiro francés e tiña por moeda o franco. No 1930 fóronse do territorio os derradeiros soldados franceses.

O prebiscito orgaizouno e controlouno unha comisión de tres membros da S. das N.: López Oliván (hespañol), Cantilo (arxentino) e o barón Aloisi (italián). Tiñan dereito de voto 490.000 cidadáns; uns 55.000 chegaron do eistranxeiro, algúns da China e moitos da Afreca e Améreca. Nos 84 distritos costituíronse 862 seizóns eleitorás. A comisión de control istalóuse no vello castelo de Wartburg. Compuñan as mesas 2.180 cidadáns.

Votou pol-a incorporazón á Alemaña o 88,15 por cento dos eleitores e pol-o «Statu quo» o 8,63 por cento. Alemaña conquerín seus maores éisitos en Merzig, St. Wendel e Homburg. Agora réstalle aos xermáns indemnizar a Franza pol-o traspaso das minas en 900 millóns de francos.

A liquidazón do Saar era unha das grandes preocupazóns políteca na Europa do noso tempo. O T. de Versalles, que incorporara á Franza a Lorena e a Alsacia, deixara ao Saar baixo a proteizón da S. das N. hastra que despois dun prazo de quince anos decidise da sua sorte prebiscitariamente.

Denantes do nazonalsocealismo pra ninguén tiña dúvidas que os sarrenses votarían no cen por cento a sua volta á Alemaña, mais despois do trunfo de Hitler e no decorrer da sua políteca tiráneca e anti-

cristián, supúñase con certidume que unha boa parte do Saar —cristián e liberal— votaría pol-o «Statu quo» en procura dunha garantía das suas liberdás máis amadas.

O trunfo, con todo, foi pra os alemáns eistraordinario; infruiron nele a benevolenza do Vaticán pra o xermanismo, a dipromacia eisquisita do segredario da Presidenza, Meissner, as amorosas promesas de Burckel, a espranza de que Von Papen —católeco e sarrense— gobernaría o novo territorio do Reich, e os millóns do mineiro Hermann Roechling que dende o «Sarrebrucker Zeitung» sostivo unha das propagandas máis fortes e mellor orgaizadas que poidan maxinarse

Importa sinalar, independentemente do resultado, o trunfo da democracia e o da Sociedade das Nazóns; o sufraxio universal, tan aldraxado nas novas escolas, resolveu un dos conflitos máis graves do mundo, e a S. das N. afirmou e prestixiou unha vegada máis a sua autoridade como orgaísmo supremo na relazón dos estados e como ilusión, agora confirmada, dos nosos ideás pacifistas.

A soluzón do litixio do Saar é, por riba de todo, a consagrazón do dereito da libre determiñazón dos pobos, aisioma consustancial co-a diñidade das nazóns.

A EISPANSIÓN ITALIÁN. — *A Italia en loita con Abisinia. O grande p.obrema da Europa da post-guerra: as coloñas. Superpoboazón, crisis económeca, fame, e alá no fondo o anceio de probar e amostrar ben a superioridade guerreira dun pobo en réximen de forza. Eiscusas dos abisinios e interferenzas da Franza e a Englaterra acaso un pouco receosas dun conflito que, nas suas derradeiras consecuenzas, poidera refacer o mapa da Afreca oriental. Mais as conversas franco-italiáns de Roma teñen forza suficente pra deixar a Italia nunha liberdade de movimentos —no que se refire a políteca coloñal— que, por esta vegada, garantízalle a vitoria.*

Grande estado: escravitude.

XANEIRO. — *O 26 fica Galiza ao marxen do estado de guerra decrarado o 6 de outono do 1934.*

«Ultreya» esgota a sua edizón de «Escolma de Cántigas» e pubrica un «Refraneiro galego» esgotado aos poucos días da sua saída. Pubrica en postás unha fermosa «Orazón á Patria» i-espalla os romances «Mañanciña de S. Xohan», «O Conde Laíño», «Gaiferos de Mormaltán» e «A lagoa de Valverde». Renóvase o seu Consello cos Sres. A. das Casas, V. Risco, Filgueira Valverde, Barreiro Salaño,

B. Fdez. Barbazán, Camilo Díaz, X. Martínez López, Del Riego e Anxel Casal.

O 26 finou en Cortegada (Ourense) o irmán Francisco Bautista Carpintero, estudante da nosa Facultade de Letras.

FEBREIRO.—*O escritor americán Calros Pereira fai na Universidade unhas confrenzas, eisempro de vulgaridade. Seu hespañolismo desváise nun tópeco da peor escola.*

«Ultreya» desenrola unha xeira de confrenzas no Recreo Artístico de Compostela. Falan Otero Pedrayo de «Pondal», F. Fdez. del Riego da «Literatura galega dende 1900», López Durá de «Moderno conceito das nazonalidás», Bastián González de «A Universidade de Santiago», e A. das Casas de «O ensino da Histórea na formazón da concenza nazonal». Eisito eistraordinario. Pubrica un bon vocabulario galego-castelán.

Colmeiro fai unha estupenda eisposizón en Vilagarcía.

PAPEL DE COLOR lembra ao bardo Pondal.

Costitúese «Galeuzca». Asisten á xuntanza, baixo a presidenza de Otero Pedrayo, o prof. Calvet por Cataluña, R. Rezola por Euzkadi, Del Riego pol-a F. M. G., Das Casas por Ultreya e Plácido R. Castro pol-o Partido Galeguista.

O 8 conmemórase o primeiro centeario de Pondal. Grande festa en Ponteceso na que falan Lafuente, Alvaro das Casas e o presidente do Sem. Est. Galeg. Iglesias; éste fala en castelán. Velada no C. de Artesáns da Cruña na que fala o mestre Otero Pedrayo e lén poemas do bardo A. Villar Ponte e Del Castillo. O púbrico, en cantidade eistraordinaria, canta en pé o hino galego.

A FOUCE, órgao dos nosos irmáns nazonalistas na Arxentina, mándanos un manifesto estimulando a formazón dun grande partido nazonalista galego. Velehí o camiño!

O 21 finou en Compostela o grande escultor Eiroa. No seu enterro, no que se aliñan artistas, escritores e poetas, sinálase a falla do presidente do Seminario de Estudos Galegos.

REVISTAS

SEARA NOVA, Lisboa, núm. 421. Calendario do Seareiro, Janeiro; A un crítico sobre a facultade de julgar, José Regio; Cancioneiro do Menino Jesús; Coisas poucas, X; Fragmentos de Jornal, Sant'Anna Dionisio; livros e periódicos.

Núm. 422. Calendario do Seareiro, Janeiro; Questoes de ensino,

programas dogmatizantes, por Antonio Sergio; Factos e documentos; Ensaio, Homo intellectualis, o Crítico, por Cruz Malpique; Página da mocidade, por F. Romero; livros e periódicos.

Núm. 423. Calendario do Seareiro; Resposta a um idealista de um amigo de pensar inclasificado, por J. Marinho; Nota, por A. Sergio; Civilizaçao hindú, por A. Barreto; Resposta a um inquérito, por F. Lopes Graça; Em torno do problema da competencia na democracia, por Francesco Nitti.

Núm. 424. Calendario do Seareiro; Programas dogmatizantes, por Antonio Sergio; Aspectos da cultura e do comercio de cereais durante o governo dos Filipes, por Henrique de Barros.

Núm. 425. «Seara Nova» rende unha homenaxe conmovedora a Galiza: Centenario de Pondal, por Rodrigues Lapa; A Terra, por Castelao; Cantar d' amigo, por R. Lapa; Pra a autocrítica dunha xeración, por Vicente Risco; Carta en col da língoa aos escritores portugueses, por Alvaro das Casas; A un mozo galego dende Cornualla, por F. Bouza-Brey; O camiño do nacionalismo galego, por A. Villar Ponte; Esquemas composteláns, por R. Otero Pedrayo; Grandezas del Reino de Galicia (manusc. 947 da Biblioteca Nacional de Lisboa).

Si o Sem. Est. Galegos non tivese perdido o seu roteiro, e se mantivese na liña dos seus fondadores, sabería ollar nesta boa leizón da grande revista lusitán o camiño do seu viaxe a Portugal.

AN OALED, núm. 51. Neste número, compretísemo como todol-os que pubrica a sociedade «Armórica», con mañíficos orixinás de Sullian Collin, Lionel Radignet e Yves Levot-Becot, saúdase a aparizón de «Alento» con verbas recendentes de irmandade que nos sensibilizan fondamente.

LEVIATÁN, núm. 8. El malestar de la democracia, por Harold Laski; Ortega Gasset profeta del fracaso de las masas, por Luis Araquistain; La libertad de prensa y los magnates del dinero, por Juan Andrade, e outros orixinás.

Núm. 9. Continúa o artigo de Araquistain en col do prof. Ortega; La desigualdad en el estado soviético, por Luis Fischer; Carácter de la guerra en el régimen capitalista, por A. García Pelayo, e outros traballos. Insértase a conversa entre Stalin e Wells.

RAZA CELTA, Montevideo, núm. 11. Entre outros traballos pubrica unha críteca do Partido Galeguista, combatindo a sua alianza co-as ezquerdas.

NÓS, núms. 131-132. Un poema de Cunqueiro; Noiturnio, por

Lois Manteiga; A illa de Ons, por Alvaro das Casas; A xeración de Risco, por Carballo Calero; continúa o «Mitteleuropa» Vicente Risco, e insértanse na Miscelánea, descobertas de Xoq. Lourenzo e Blanco Abeijón.

MONASTICÓN, Samos, núm. 4. Destacamos do intresantísemo sumario unha nota en col dos pelerinaxes composteláns e os fillos de S. Bieito, e o acordo dos dirixentes misionás, na sua xuntanza en Lugo de 5 e 6 de setembro baixo a presidenza do direitor pra Hespaña da «Propaganda Fide», que eisaltan ao bispo galego P. Salvado ao Patronato das misións hispánecas.

OC, an X, núms. 16 e 17. Adicado en lembranza de Maciá: un longo e belísemo discurso de Gasol, e traballos de Bernard, Campros, Grenier, Bartha, Conio, Carbonell e outros.

ECO DE GALICIA, núm. 377, Habana. Artigos da Sra. Vieito de López, Blanco Torres, Vence, Risco, Santiso Xirón, Prieto, Aguilera e Valledor.

ANALES DEL CENTRO DE CULTURA VALENCIANA, n.º 20, Valencia. Orixinás de Sanchís Sivera, Pelufo, Batllori e Carreres. Intresantísimo o traballo de Sanchís estudando a vida dos valenzáns nos tempos forás.

ALMANAQUE LITERARIO, Madrid, 1934. Diríxeno Guillermo de Torre, Pérez Ferrero e Salazar Chapela. Estudo de longa eistensión mais de cativa intensidade. Abondan os inquéritos en col de difrentes temas. Galiza, presente nun bon traballo de Roberto Blanco Torres, aparéz na intensidade da sua vida inteleitual.

NOVAS.—*Nos derradeiros de marzal aparescerá en Compostela un semanario galeguista de ezquerdas tidoado SER, comandado por Ramón Suárez Picallo.*

A editorial «Nós» está rematando de emprentar un belísemo orixenal de Yeats posto en galego por A. e R. Vilar Ponte e máis Prácedo R. Castro.

Xa está a venda (a 1,50 ptas.) o DIARIO DUNHA VIAXE DE NAZONALISTAS: GALEUZCA que neste número rematamos de pubricar e que denantes non poidemos ofrecer aos nosos leitores por razóns que todos suporán. Trátase do fidel testimoño dunha das xeiras máis trascendentás no decorrer políteco do noso país. Todo bon patreota debe ter este libro na sua bibrioteca. Fagan as encomendas a ALENTO, Rua do Villar, 42, Santiago. Edizón úneca de 50 ejs.

LIBROS

RETRINCOS, 64 páxs. en 8.º, 5 graburas en buxo de Maside. 2,50 pts. Ed. «Nós», Rua do Villar, 15, Santiago.

Xelo Casal pon na rúa unha nova obra de Castelao, con cinco orixinás primorosos interpretados en cinco mañífecas graburas de Calros Maside. Libro de luxo no seu feitío; libro-fito, na laboura dun dos nosos mellores prosistas, no fondo. Nestas cinco relazóns aneidótecas do xeneal humorista, renaz o autor ben gostado das «Cousas» que sinalou pra a nosa língoa un dos máis suxerentes estilos. Atrevémonos a profetizar que cando pasen moitos anos, cando crítecos ainda non nados fagan a valorizazón deste intre galego, sinalaránse en Castelao dúas persoalidás, inseparabres como a ialma e o corpo: a do dibuxante no álbum «Nós» e a do escritor en «Retrincos». No álbum recóllese o máis logrado do dibuxante; en «Retrincos», cousa esí como a quintaesenza dun estilista que fixo un xénero e topou nele a sua esáita maneira de eispresión.

FRA VERNERO. Editorial «Nós», 142 páxs.—Un novo libro do mestre Otero Pedrayo, do xeito de «Arredor de sí». Libro que zuga galeguismo e recende europeidade. Os capídoos «Sonata con vento báltico» e «O Requiem de Mozart» sinxelamente maraviosos. Otero, fecundo sen comparanzas, engade na sua laboura unha nova xoia i-enriquece a nosa literatura con novas páxinas maxistrás. Libro manífeco este que debería ser posto nas mans dos nosos mozos abrindo nas suas intelixenzas os roteiros máis atraintes e apaixoados.

Imprentado no Seminario - Santiago

DIARIO DUNHA VIAXE DE NAZONALISTAS. GALEUZCA

(Conclusión)

del admirador de vuestros constantes sacrificios por la Libertad de nuestro Pueblo».

Maciá, que está arrodeado de todo o seu goberno, respóndenos en castelán cun pequeno discurso que non me conmove nin convence. Dinos, entre outras cousas, que «únicamente en la realización de un Estado federal será posible conseguir la libertad de todos los pueblos, y es partiendo de esta base que Cataluña estará a vuestro lado cuando tratéis de conseguir la libertad a que tenéis derecho». Logo, como si reparase na nosa surpresa e no noso desgusto, engade máis cordial: «Tened la seguridad de que nosotros lucharemos en vuestro favor con el mismo entusiasmo y la misma fe que si luchásemos por la libertad de Cataluña».

O xefe do goberno, Pi Suñer, conversa longamente con Otero e comigo.

Vou xantar con Otero no seu hotel e documento-o en col de todo o pasado.

Na serán imos ao Concello, onde por fin aparecen xentes da Lliga; son os concelleiros Pellicena e Alomar. Non asiste ningún do partido radical. Acompáñanos o xefe de ceremonial Sr. Ribé. Falan Isusi, Otero Pedrayo que fai unha peza oratoria fermosísima, Reig (que chegóu ao frente dunha delegazón valenzanista) e o presidente do Concello Sr. Aiguadé que se amostra en termos de máisima cordialidade.

Logo imos de comprimento aos xornaes e clubs políticos, onde se nos recebe eispréndidamente.

De noite, nas terrazas do restorante Miramar, en Montjuich, o Concello ofrécenos un xantar e séntanse con nós máis de trescentas persoas: o goberno todo da Xeneralidade, presidente do Parlamento, autoridás, emprensa, representantes de todol-os partidos, persoalidás centíficas da cidade, etc.

Tócame xantar entre a xentilísima muller do alcalde Sra. Aiguadé e o conselleiro de Traballo Sr. Casals. Esta seora Aiguadé é dos espritos máis finos de muller que topéi nos meus anos. Pintora ilustre e dama de gran mundo, acompañóu ao seu home como intelixente colaboradora ainda nos tempos máis inquedantes das suas loitas políticas. Nos longos anos da ditadura, cando o Dr. Aiguadé cospi-

raba e ao mesmo tempo mantiña os prestixios da língoa nas suas xustamente nomeadas pubricazóns médicas, esta muller singular prestáballe a Cataluña servizos ainda non ben coñocidos que a erguen nas outuras da heroicidade.

Ofrece o xantar o alcalde que fala como un bó patriota. Responde logo Ramón Otero que ergue ás xentes das suas cadeiras arrincando no noso idioma os efeitos máis surprendentes i-espondo as nosas angurias cun realismo que conquire ferir aos máis desapaixoados. Entre as etiquetas deste xantar de gran tono, lembra os traballos dos labregos de Trasalva, as bágoas das mullerciñas de Fechos, todal-as cousas miúdas das nosas outas terras de Ourense, e sua verba prende en todol-os peitos e fai locir todol-os ollos.

Fala logo Izaurrieta, moi ben, e Reig que amostra sere un ourador castelarino que arde en fogos de grandilocuenza. A final Ventura Gasol eleitrízanos cun longo discurso arredista; xa non é o gobernante, o conselleiro, o home de partido, sinón o loitador de Prat de Monlló, o emigrante en Bos Aires, o compañeiro inseparabre de Maciá no seu éisodo tráxico de trinta anos. Quéimase na labareda da sua nunca desmentida e por veces heróicamente calada catalanidade. Seu discurso é un ultimátum ao goberno de Madrí e un compromiso de loita que se ten de levar —dí— hastra lindar as derradeiras consecoenzas, hastra que vexamos garantida a independenza das nosas patrias.

Enviamos a Vitoria o seguinte telegrama, que redaitan Estelrich e Muñoz Castañer:

«Reunidos solemnemente en banquete ofrecido por el Ayuntamiento de Barcelona a vascos, gallegos, valencianos y mallorquines, acordamos por unanimidad y a propuesta del Consejero de Cultura de la Generalitat de Catalunya, Sr. Gasol, saludar a la asamblea de Ayuntamientos vascos, haciendo votos triunfo ideales libertad, que el Estatuto vasco deberá iniciar reservando a los hermanos navarros posibilidad incorporarse en un próximo futuro gran familia vasca. Firman Esquerra Republicana de Catalunya, Lliga Catalana, Acció Catalana Republicana, Unió Democrática de Catalunya, Palestra, Centro de Actuación Valencianista, Acción Nacionalista Valenciana, Partido Galleguista, Vanguarda Nazonalista Galega, Acción Nacionalista Vasca y Partido Nacionalista Vasco».

Eu estoupo de lediza, encheito dun outimismo que me fai tremer. Esto camiña; agora sí que vai de verdade. Gasol non é un neno e sabe que as suas verbas son unha definizón de compromiso pra a Ezquerra, que neste intre dispón dun ministro —Companys— en Madrí. O telegrama, por outra parte, é a primeira aituazón de Galeuzca

que neste intre aparéz consagrada de feito pol-os partidos. Foi o propio Estelrich quen propuxo que siñasen os partidos e non seus representantes. Xa perdéu a Lliga seus medos e receios? Louvado sexa Deus.

Os representantes da emprensa eistranxeiros, eispecialmente os xornalistas ingreses e alemáns, andan surprendidos.

Día 6.

En seis autos saímos de mañán pra Tarrasa, onde ollamos seu tesouro arqueolóxico, salvado pol-o insiñe Puig i Cadafalch, e d-elí continuamos a Matadepera onde se xuntóu un campamento de miñóns. Recíbennos formados. Discursos de Batista, Reig, Maspons, Ollaga e outro meu. A éste e a mín fánnos miñóns de honra i-entrégannos as insiñas. Nos mastros correspondentes Ollaga e máis eu izamos as bandeiras de Euzkadi e Galiza. Entoamos *Els Segadors*. Logo pequena festa: xogos, canzóns, probas atrétecas, e unha nena enloitada e feia como nosa santiña de Padrón que dí xenialmente en galego versos de Rosalía.

Continuamos pra Monserrat onde se fai o xantar. Visita ao mosteiro, cada vegada máis intresante, cos PP. Arrufat e Almeda. Na irexa escoitamos o rosario e os virulais.

Xa con noite voltamos a Barcelona. Ceamos na intimidade e imos logo aos terreos da Eisposizón onde corren as fontes en nosa honra. Xúntanse elí máis de dez milleiros de persoas.

A «Humanitat» pubrica unha interviú que me fixo Molins Fabregat, que a enfía esí:

«Alvaro de las Casas é un vello amigo; con él lembro días de complot e días de frebe nos derradeiros tempos da monarquía: a confrenza de Sánchez Guerra na Zarzuela, os convivios na «Granja del Henar» con Galán, Díaz Fernández, Salinas e outros amigos de entón que agora andan esparexidos pol-as orgaizazóns de ezquerra. Pra nós é unha leda surpresa podel-o apertar nun abrazo, no noso chan, en prena Rambla. Teño a certeza de que ele tamén sinte esta lediza. A amistade de intres como aqueles, non se esquece fácilmente».

Veleiquí as miñas respostas:

—«Compre faguer resaltar a traizón de todol-os partidos hespañoes que aitúan na nosa terra. Galiza, sin representazón no Goberno, encóntrase orfa de defensa; os partidos que un día xuntaron aos galegos republicáns, soio procuraron sua infruenza entre as vellas

forzas políticas doutrora. En troques de loitar contra os caciques andan a procuralos e atraelos. Soio unha revoluzón pode restituire ao pobo galego na sua persoalidade e na sua concenza.

Vexa a Casares Quiroga que ao pouco tempo de formar parte do Goberno, co-a representazón de Galiza, bótase como todol-os máis no xogo dos partidos preocupado por atrair ao maor número posibre de caciques en troques de desfaguelos e aniquilalos. Repítolle: soio un feito revoluzonario pode liberdar aos pobos ibéricos ou pol-o menos darlles aquel mínemo de dereitos que deberon outer de maneira máis normal na repúbrica: leises propias e recoñocimento da sua persoalidade.

Eu non sei o que pasa dende o 14 de abril. Veño de ollar en Euzkadi como son encadeados rapaces por levar unha bandeira basca, e como as autoridás repubricáns esquecen que o máis pequeno senso de democracia ten de respeitar o dereito dos pobos. O resultado é pôr en pé de guerra ás mocedás nazonalistas que están na beira de non podere evitar gravísemos incidentes.

—E Cataluña? Cómo encontra a Cataluña?

—Madrid volta a sentirse forte e a pouco que poda fará que o voso Estatuto se volte a máis pequena eispresión da carta que as Cortes recoñoceron. Esta realidade ten de obligarvos a unha xuntanza patrióteca, outra vez, que defenda vosos dereitos contra posibres, ou máis ben probabres, ataques do reaizonarismo hespañol.

—Non encontra que as liberdás de Cataluña, e o día de mañán dos vosos pobos, están máis garantidas cun goberno de ezquerdas que non con un de dereitas?

—Non ten dúvida. As dereitas hespañolas, sempre máis papistas que o papa, coidan que a encarnazón da Hespaña é o Estado de Felipe II. E acrárolle que pra este caso xulgo de dereitas dende o partido radical incrusive hastra os monárquecos máis eistremistas.

—Non teme que o tratado co Uruguai poida sere pedra de discordia entre Cataluña e Galiza, precisamente agora que nace Galeuzca?

—Penso que Cataluña e Galiza tratando pol-a sua conta, dereitamente, non terán tropezos. Agora, si os nosos probremas teñen de sere tratados a través de Madrí, calquera deles pode ter soluzón difícil e trocarse en motivo de disputa».

Lúns 7.

Os compañeiros eispedizonarios continúan as suas visitas; Otero vai en nome dos galegos. Ergome tarde e vou xantar ao Tibidabo cos meus antigos, ilustres e sempre benqueridos amigos Mosén Trens, Valls, Rosend Riera, Muro, Renart, Mosén Batlle e Ramón Sunyer. Logo vou ao grupo galeguista.

Na serán Otero fai unha confrenza no Ateneo en col de «A inquietude galega». Apresèntao Nicolau d'Olwer. Eisito mañífico. Os bascos non asisten pois arestora teñen unha conversa co cardeal Vidal i Barraquer.

Mitin na Sociedade de Dependentes de Comercio. Abondan os incidentes. O púbrico, da eistrema nazonalista, berra contra o conselleiro Casals que preside e o goberno da Xeneralidade. Otero, asombrado, non é moi dono de sí. Irujo lostrega anatemas contra todal-as transixenzas, aludindo nos ataques a Maciá pol-a sua ductilidade, i-esto pon ás xentes en pé. Casals non pode falar pois armóuse un estrondo de mil diaños. Entran algúns escamots. Xa penso que esto vai rematar con algunhas mortes.

Eu non quixen rubir ao esceario desgostado pol-a aititude dos bascos. Entendo que no pé en que andamos, calquera xestión que se faga debe sere levada conxuntamente por todol-os asiñantes do paito de Compostela. De noitiña enteréime da confrenza dos bascos co seor cardeal, dun xantar que tiveron con Aiguadé e Gasol, dunha longa conversa con Cambó, e de outras entrevistas nas que coido que debéramos estar presentes os galegos. Otero pensa como eu e solidarízase co-a miña aititude. Pau Vila, Carrasco e Batista danme eispricazóns que non me convencen. Carrasco Formiguera decátase da gravedade do intre e lévanos a unha conversa cos bascos na Font del Lleó onde todo fica acrarado alá pol-as tres da mañán. Pasóu a troboada e Otero e máis eu dámonos por satisfeitos.

Pequéi de apaixoado, de lixeiro, de intransixente? É posibre, mais cheguéi a temer que Galiza fose unha vegada máis sagrificada nas suas arelas e que nós, despóis de tantos traballos e angurias, non estivésemos nesta viaxe a faguer outro papel que o de agrutinante entre o dereitismo dos bascos e o ezquerdismo da Xeneralidade; comparsas —pra falar en verdade— dos que se afastan cando esí convén. Descúlpeseme si penséi mal.

8 agosto.

Imos dare os pésames á viuda de Rosell i Vilá, o malogrado diputado catalanista. Escea impresoante. A que foi santa esposa do loitador, probe, isolada, sen remedeo na vida, apertada a un pequeno que nos olla conmovido, aléntanos a continuar na pelexa pol-a liberdade das nosas patreas, ainda que caiamos como cae seu marido, mozo ainda, estragada a saúde nun traballo esgotador.

Na serán imos ao Parlamento onde nos saúda seu presidente Sr. Casanova. Acompáñannos Rovira i Virgili, Pau Romeva, Jover i Nonell, e outros parlamentarios. Converso longamente co reitor da Universidade Dr. Serra Hunter e apreséntolle a Otero. Conbinamos unhas confrenzas en Compostela. Serra Hunter recorda ao noso país con agarimo —(debutóu como cadeirádego na Universidade compostelán)— e vai lembrando a todol-os seus discípulos doutrora, os máis deles benqueridos nosos: Lousada, Porteiro, Vilar Ponte.

Asistimos á sesión dende a tribúa do presidente sendo comprimentados por todal-as minorías.

Imos a comprimentar ao «Matí», «Opinió», «Vanguardia» e outros xornaes.

Otero e máis eu somos convidados a cear por Portela Valladares a quen topamos un pouco afastado das nosas preocupazóns. Sobremesa hastra as dúas da mañán, a falar de Galiza e da nosa políteca. Dende logo non aproba a táitica do Partido Galeguista e xulga inxustificabres e perigosísimas as transixenzas deste partido con Casares Quiroga. Mágoalle o estado do noso país e confésase desiludido. Entendo que non presta grande importanza á nosa viaxe.

9 agosto.

Irujo e máis eu somos convidados por Dencás a xantar na taberna de Joanet, na Barceloneta. Na verdade é atrainte este rapaz, xa conselleiro da Xeneralidade e un dos prestixios máis xurdios da Ezquerra; é o catalán de máis pulo loitador que conozo.

Neste intre é o eixe dun grave probrema. Os elementos máis nazonalistas da Ezquerra (Aiguadé, Gasol, etc.) entenden que o catalanismo pra preveñir calquera continxenza debe orgaizar agrupamentos de resistenza e loita en condizóns de pôrse na rua si o perigo sobrevén; eis equí Estat Catalá —Escamots— cos seus dez milleiros de

homes, rexidos por Dencás e Badía, que veñen a sere a mesma cousa. Os dous están condeados a morte pol-a *Fai* e calquera día poden sere asesinados; de sobrevir unha reaizón monárqueca, serían as primeiras vítimas. Outros homes da Ezquerra (Lluhí e os seus amigos) condean esta táitica. Companys, Pi Suñer e Casanova, supoñen unha posizón intermedea. Co gallo da nosa viaxe, esta loita interna do partido refléxase nunha violentísema campaña entre *Opinió* e *Humanitat* provocada pol-o discurso pouco oportuno de Manoel Iruxo en Dependens de Comerce.

O tempo darálle a razón a Dencás que, cos seus valentes loitadores é hoxe a única garantía verdadeira do Estatuto.

Falamos longamente; eu propóñolle algunhas labouras que entendo eficaces:

a) Que os diputados da Ezquerra presenten unha proposizón de lei que estenda a Galiza i-Euzkadi o decreto de bilingüismo que se concedéu a Cataluña.

b) Que o Goberno —pol-o ministro Companys poden requerilo— estableza nas nosas escolas normaes o ensino do galego i-eusquera respeitivamente. Ambas proposizóns fixenas a Marcelino Domingo fai un ano, en compaña de Pedro Basanta e Alonso Ríos. No ministerio gárdanse antecedentes e un raport que se refire ao caso.

c) Que na nosa Universidade se desenrole un curso de confrenzas orgaizado pol-o Seminario de Estudos Galegos e Institut de Estudis Cataláns, co-a colaborazón de Serra Hunter, Pompeu Fabra, Hurtado, Maspóns i Anglasels, Bosch i Gimperá, Anguera de Sojo, Nicolau d'Olwer, Aiguadé e Corominas. Estes homes farían máis no noso país que todal-as nosas campañas pro Estatuto. A Xeneralidade podería faguer as primeiras xestións e darlle viabilidade ao proieito. Anuncio que xa teño falado do caso cos Dres. Serra Hunter e Fabra.

Na Unió Democrática Otero e máis eu temos longa conversa con Carbonell, un dos cataláns máis enterados da política europea. Informazóns mutuas, proieitos, troque de apontamentos...

Logo, en Acció Catalana, confrenza con Nicolau d'Olwer, Hurtado e Martí Esteve. Paréceme que están ausolutamente desourientados dos nosos probremas e todo se lles volta perguntas e máis perguntas, sempre con certo ar —moi xustificabre— de superioridade. Otero dilles da situazón do noso Estatuto e do galeguismo perante o Estatuto. Eispoño meus puntos de vista que a Otero, pol-o que paréz, non gostan moito.

Os rapaces de *Palestra* ofrécenme un xantar que remata en patreótecos discursos.

Logo, visita aos centros da Ezquerra de S. Andreu, Viladomat e Cortes. Otero, acaso por fadiga, fica no seu hotel i-eu véxome na necesidade de esgotar soio esta pelerinaxe de bairro en bairro e de discurso en discurso, entre milleiros de obreiros mozos que costitúen as falanxes de Estat Catalá.

No casal das Cortes, coartel xeral dos Escamots, os discursos de Badía, Irujo, Gasol e o meu arrincan troboadas de paixóns. Pouco denantes acontecera un incidente que ten ás xentes enrabexadas: a policía intentara retirar a bandeira co-a estrela solitaria, que se loce na faciana do casal. Dos discursos, conmóvenme estas decrarazóns:

Irujo:—Non temos por que engañar a ninguén: somos separatistas e somos católicos, i-estamos dispostos a morrer por Deus e pol-a Patrea.

Dencás: —Somos aconfesionaes e procuramos o laicismo no Estado e a liberazón da irexa na vida púbrica de Cataluña. Mais porque somos nazonalistas, entendemos, respetamos e amparamos voso dereito a gobernarvos como millor vos pete e a orgaizar vosa vida dacordo co-as vosas crênzas e os vosos particulares intreses.

Os dous arrincan ovazóns inenarrabres.

O casal é un verdadeiro coartel, con guarda permanente e discipriña militar. Cánto temos que adeprender nós!

Día 10.

Moi fadigado non podo acompañar aos meus amigos nas suas visitas. Ergome moi tarde. Chega de Madrí Castelao, no eispreso da mañán.

Minutos denantes da unha estamos na casa de Cambó onde xantamos, convidados, Dotxandabarat, Irujo, Castelao e máis eu.

Cambó, a quen eu conocín na sua viaxe por Galiza con Puig i Cadafalch, Rahola, Morera i Gelicia e Comas de Argemier, cando eiquí viñeron no nadal do 1917, está moi ben de saúde e faladeiro como nos seus millores tempos. Lémbranos a sua amistade cos galegos e compróbanos que foi Brañas, nunha conferenza dita na Universidade de Barcelona, quen o fixo pensar en Cataluña e o decidíu a enrolarse no catalanismo. O propio acontecéulle naquele intre a Prat de la Riva.

Falamos de viaxes: dinos que a maor calor da vida pasóuna unha serán en Estocolmo.

Falamos de Europa: coida imposibre unha nova guerra e olla desesprada a situazón de Italia.

Falamos da política hespañola: dinos que o goberno Azaña non cairá hastra ter aprobados os novos presupostos, confírmanos as suas boas relazóns con Miguel Maura e confésanos a sua espranza de que no novo parlamento o grupo de autonomistas poda dispor de máis de un cento de diputados. Da por descontado o trunfo da Lliga en Cataluña e Baleares.

Falamos de Cataluña: xustifica a sua enemiga á Ezquerra, mais ao perguntarlle eu si, por vencela, colaboraría nun frente úneco de dereitas, respóndeme de súpeto: fora de Cataluña e por Cataluña, vostede ollarános xa sempre xuntos dende Maciá hastra o cardeal de Tarragona.

É pesimista con respeito a Galiza; coida que se perdéu terreo dende o dazoito e que todol-os seus traballos por nós foron inúteis, mais ao decirlle eu que, no fondo, todo o galeguismo aitual nútrese de Porteiro, Lousada e Viqueira, asambreia de Lugo e primeiro viaxe dos cataláns, sorrí satisfeito e orguloso como un neno. Dámoslle algunhas cifras que o asombran.

Con respeito a Euzkadi ten medo que non se sepa aproveitar ben a reaizón patrióteca.

Non se preocupa moito por Galeuzca.

En Maciá recoñoce grande fé e boa intenzón mais xulga que cometéu un gran erro pondo a discusión o Estatuto aprobado que non poderá resolver endexamáis o probrema catalán, en troques de presentar o proieito de Estatuto que a Lliga redaitara no 1917 e que xa conquerira asistenza e adhesión de núcreos tan importantes coma o maurismo e o melquiadismo. Aquele Estatuto —dinos— está valorizado pol-os maores prestixios xuristas da políteca hespañola, e sería máis comenente pra Cataluña.

Mostra a sua mágoa por ter transixido a Ezquerra no capíduo do ensino, base do probrema catalanista.

Falamos da Sociedade de Nazóns e dinos que Galiza debéu concurrir a ela a tempo que foi Cataluña pois entón, baixo a ditadura, estes probremas nosos conmovían a concenza da Europa, i-eran tema de estudo pra todol-os estadistas. Agora a seizón das minorías non ten eficaza; non faremos ren, mais debemos acodir a Xinebra en setembro, siquera sexa pra ocupar posizóns pra o día de mañán.

Xuntanza logo no Ateneo dos dirixentes de Galeuzca: Batista, Maspóns, Estelrich, Dotxandabarat, Otero, Castelao, Carbonell, Isusi, Dr. Jirona, Carrasco Formiguera e máis eu. Debátese a nosa concurrenza a Xinebra. Eu espoño como úneca contra as nosas dificultás económecas: non encontraremos meio de cobrire a cuota sinalada pol-o consello. Castelao moléstase moito do que ele coida unha de-

crarazón e confesión pouco menos que de indixenza, mais eu prefiro espor a realidade, na sua crueza. Na miña teima conquiro que Estelrich e Maspóns se comprometan a recadar do Consello de Minorías a fixazón de cuota mínema.

Falamos da necesidade de conquerir pra Euzkadi e Galiza un decreto proteitor das nosas língoas: o que Irujo e máis eu xa tratáramos con Dencás e Gasol. Falamos tamén da necesidade de conquerir nos xornaes cataláns colaborazóns galegas e vascas. O *Matí* dende logo tense ofrecido a aceitalas.

Visita ao Centro Eiscursionista. Logo Castelao, Otero e Dotxandabarat vanse a falar ao Grupo Galeguista, outros van repousar, i-eu con Irujo vóume ao grupo *Nosaltres Sols* onde se fai un pequeno mitin no que falan tamén Daniel López, Josep Sariol, Cardona e Muntada. Unánemes e afervoadas referenzas ao meu eispediente académico, que recollo conmovido.

O púbrico, non moito, é dun arredismo a proba de morte. Teño pra mín que, neste intre, é o único arredismo verdadeiro que fica en Cataluña. O Estatuto infelizmente xa satisfixo a moitos e apagóu moitas arelas; na Galiza i-Euzkadi pasaría o mesmo ás vintecatro horas de conqueridas as autonomías. Dun ano a esta parte noto en Cataluña unha grande perda de catalanidade. Fica este reduito de *Nosaltres Sols*, probe, isolado, pequeno, co que non conta ningún dos partidos cataláns en xogo; que apenas pode soster uns pequenos xornaes sin moita venda e apenas conquire uns centos de votos, pois unhas eleizóns costan moitos cartos i-estes bons patriotas —como nós— non teñen vinte pesos xuntos.

Ofrécenos un xantar no H. Oriente, con máis de un milleiro de asistentes, a Unió Democrática de Catalunya. Non se dín discursos. Logo, no local do partido, é que falamos Roca Caball, Sra. Codorníu de Gendrau, Batista i Roca, Isusi, Otero, Maspóns i Anglasels, Castelao, Irujo, Carrasco Formiguera e máis eu. A final entoamos todos *Els Segadors*, o *Hino Galego* e o *Eusko Abendearen Ereserrkija*.

Este partido U. D. —do tipo do partido católico na Alemaña— xunta a pouca xente, mais dunha outísima categoría inteleitual; é, pra mín, o partido catalán de doutriña máis pura e táitica máis rexa. Por outra é sin dúvida o partido máis catalanista de todos, e, tamén sin dúvida, o máis amigo do noso país e o máis atento ás nosas angueiras. Este partido, que nada procura de nós, que nada percisa de nós, é, pol-o calado, o que leva o peso da orgaizazón desta viaxe e o que, persoalmente e con máis sagrificios, máis xentilezas nos dispensa.

11 agosto.

O *Matí* pubrica en nosa honra un fermoso eistraordinario no que aparéz esta cuartela miña orlando un bó retrato que me fixo o irmán Renart:

«Cada dia em sento més satisfet d' haver posat la meva modestíssima signatura al peu del Pacte de Compostela, junt amb les signatures dels illustres representants de tots els partits nacionalistes d' Euzkadi, Catalunya i Galicia. I no pel que representa el pacte en sí —tot i ésser molt—, sinó porquè pressuposa el retorn a una tàctica que, d 'ésser escrupolosament i lleialment seguida per tothom, donarà a les nostres respectives nacions aquells dies de pau i llibertat que per a elles hem somniat.

Un temps, quan els parlamentaris meditaven una nova estructuració d ' Espanya, quan s'elaborava la nova constitució, la qual havia de rectificar el camí de l ' Estat, algú va creure innecessària aquesta triple aliança, potser amb el convenciment que la república, per tal de no desmentir el fervor dels seus progenitors, havia de definir-se —sense cap mena de reserves— federal. Aprovada la vigent constitució, tot el temps que es passà en constituir *Galeuzca* fou un temps lamentablement perdut, i només ara amb un esforç vehement i sostingut podrem recuperar-lo en bona part.

La realitat, cada cop amb tons més dramátics, cada dia amb errades més difícilment reparables, ens diu que res no podem esperar de Madrid. Són unes Corts sordes als nostres clams, és un govern que sent la incomprensible delectança d 'obrar cada vegada més malament, són uns ministres orbs i sords en l ' horitzó ibèric, els quals, com el Sr. Marcellí Domingo, arriben a negar l 'existència del problema nacionalista de Galícia. Es una contínua i inacabada legislació que té l 'estranya bruixeria de plantejar en els nostres països els problemes més greus i diversos, és, en fi, aquest imperialisme passat de moda, aquest orgull inadmissible d ' hegemonia i aquest regateig de captaire, cada moment més palpable en el traspàs dels serveis a la Generalitat, que aguditza el malestar de Catalunya i acabarà per revifar —ara més apassionada i cruenta— la pugna que tots visquérem en les pitjors èpoques de la monarquia.

A Catalunya es mastega l 'enuig; a Euzkadi, hem pogut observar, tots els expedicionaris del viatge triangular, un estat l 'excitació tal, que no fóra estrany que derivés en fets sagnants de proporcions incalculables; en la meva pàtria gallega, per a la qual malauradament

no ha dictat encara la república ni una sola llei beneficiosa i sobre la qual van plovent els oblits, els menyspreus, les injúries i les injustícies de tota mena, el descontentament creix per moments i no tindria res d'estrany que un dia desbordés pel camí d'aquelles, per a tots inoblidables, revolucions agràries.

Aquest Pacte de Compostela, suposa, en l'esperança i en el perill, un mutu ajut, que tots haurem de necessitar. Aquells que tenen la gravíssima responsabilitat del poder haurien de veure si els és bo de solidaritzar-se amb aquesta premsa madrilenya que, de cop i volta, i sense elements de judici, ens llança el repte d'un separatisme que, com és natural, sent ella molt més en les entranyes, que no nosaltres».

O consello dirixente de *Palestra* ofrécenos un xantar íntimo no restorante da torre de Jaume I. Asiste tamén meu querido Albert del Castillo a quen ainda non tivera ocasión de apertar e mostrarlle miña gratitude pol-a sua adhesión na miña loita universitarea.

Voltamos a falar con Pompeu Fabra das confrenzas na nosa Universidade.

Eu espoño a ideia de orgaizar en Sant-Iago un casal das xuventudes patriótecas dos tres países que se xuntan en Galeuzca. Eiquí terían asento *Mendigoxales, Palestra* e *Ultreya*. Pagaríase a partes igoás e nele daríase acomodo ao secretariado de Galeuzca. Acéitase o proieito por unanimidade.

Dadas as seis xuntamos no *Nouvelle Hotel* aos xornalistas. Asisten algúns eistranxeiros. Eiquí está, pol-a *Vanguardia*, nosa ilustre paisán e distintísima escritora María Luz Morales, muller de outísimos merecimentos que conquerín un dos primeiros postos entre a inteleitualidade barcelonesa.

Gostando unha leve merenda, eu, en nome da delegazón galega, espoño á emprensa o probrema galego, o estado en que fica noso Estatuto, a posizón dos nosos partidos con respeito a ele, a posibilidade de plebiscitalo, etc., informazón que recolleron moi ben todolos xornaes. Logo fala o amigo Isusi que fai informazón semellante con referenza a Euzkadi, en nome da delegazón basca. Pau Vila conta incidenzas da viaxe triangular e Riera Punti percisa o alcance político de Galeuzca. Maspóns i Anglasels felicítase do éisito desta viaxe e o Sr. Pellicena, en nome dos xornalistas, agradece este agasallo e as decrarazóns que lles faguemos tan leal i-eispontáneamente.

A cada un dos xornalistas entregamos a seguinte nota oficiosa, en catalán, que redaitaron Batista e Pau Vila:

«Finalizando os aitos de compenetrazón nazonalista a que díu logar o chamado viaxe triangular, as delegazóns de Galiza, Euzkadi

e Cataluña conténtanse en faguer púbrico seu agradecimento pol-as atenzóns e xentilezas recebidas nos tres países.

Na derradeira semán os promotores de Galeuzca puxéronse en contaito en Barcelona cos seitores nazonalistas de todal-as tendenzas. E todos coincidiron, unánimemente, en sinalar a importanza dos probremas nacionás de Galiza i-Euzkadi e a necesidade de darlles unha rápida soluzón.

Os patriotas bascos e galegos teñen intrés en faguer constar seu reconocimento e ademirazón pol-o amplo esprito de comprensión e coperazón probada por todol-os partidos e orgaizazóns patriótecas de Cataluña.

De maneira especial queren faguer constar seu máis sinceiro reconocimento ao oito esprito do Goberno da Generalitat e dos concellos de Barcelona e Lleida, os que fan honra ao xenuino esprito do 14 de abril definido pol-o presidente Maciá ao procramar en Barcelona a Repúbrica Catalán, autoridás que con nobre cortesía acolleron as embaixadas amistosas de Galiza i-Euzkadi nesta Catalunya rediviva.

Nazonalistas repubricáns dende moito denantes de acreditar posibre a conversión do Estado en Repúbrica, bascos, galegos e cataláns viron no esprito daquela data a posibilidade de conquerir os seus ideaes.

Dorosamente a aituazón de certos políticos semella afundir as nosas espranzas, e ollamos con mágoa como a Repúbrica, certamente por inerza, aparéz sin forzas pra se afastar defiñitivamente dos vellos roteiros de incomprensión das realidás nazonaes, pol-os que fracasóu fatalmente a Monarquía.

Pra todos son coñocidos os oustáculos con que topa Catalunya na apricazón da autonomía, xa ben cativa, do seu Estatuto. Os responsabres no goberno da Repúbrica negan ainda a realidade e a trascendenza do feito nazonal galego. E cando se coidaban mortos co-a Monarquía os procedimentos de violenza contra o esprito nazonal —que diron en Catalunya resultados tan contraproducentes— ollamos magoados como estes procedimentos son empregados ainda pol-os servidores do Goberno contra os sentimentos pátrióticos máis entrañabres do pobo basco.

Nada da unha ideia máis viva da eisistenza e gravedade dos tres probremas nazonais de Galiza, Euzkadi e Catalunya, como o feito de que os aldraxes inferidos a un destes pobos xúlguenno recebido os outros hastra o punto de que tantas dilazóns, negazóns e persecuzóns ao atacar isoladamente a un, predispoña á solidaridade en ben de todos, pondo frente á insistenza dos intentos asimilistas nemigos

do ben da Repúbrica, noso esprito de liberdade e democracia que é eisenzal deste réximen.

Esta xuntanza de bascos, galegos e cataláns supón o inquérito de faguer revivir o verdadeiro esprito orixinario da Repúbrica e de fortalecela no respeito aos dereitos e ás persoalidás nazonais de Galiza, Euzkadi e Catalunya, que serán as pétreas bases nas que a Repúbrica asentará a sua permanenza; o oustáculo máis rexo a calquera intento de suversión e o orixen dun novo orden de relazóns entre os pobos peninsulares».

De noite, na Font del Lleó, xantar íntimo que nos ofrece D. Francisco Maciá. Correspóndeme xantar entre o presidente do Goberno Sr. Pi Sunyer e o conselleiro Sr. Ventura Gasol. Fálase de viaxes, de literatura, de arte... O Honorabre Sr. Presidente pregóunos, pol-o seu segredario, non falar de políteca. Despóis do xantar xuntámonos co presidente da Xeneralidade nun luxoso salón, a portas pechas, acordoado por forzas da policía. A conversa alóngase hastra despóis das tres da mañán.

Comenza o Sr. Maciá por mostrar seus desexos de coñocer minuciosamente o estado dos Estatutos galego e basco. Castelao e Irujo fan dous bóns discursos espondo a situazón dos dous proieitos autonomistas. Castelao, que non sei ainda por qué non nos acompañóu en Euzkadi e demoróu eiscesivamente a sua chegada a Catalunya, chegóu a tempo pra faguer agora unha peza oratoria e políteca impecabre. Endexamáis o escoitéi tan pronto de verba, tan elocuente, tan atinado, tan xusto, tan perciso. Deixóume maraviado.

Logo, un a un, imos falando todos. Maciá escóitanos paternalmente, nun xesto de tristura imensa que se refrexa nos seus ollos bondadosos, doces, que parecen ollar alá lonxe, a tempos doados a ensonos i-espranzas que pouco a pouco o tempo —e os homes— encarregáronse de fundir.

Pouco máis ou menos Euzkadi e Galiza fican na mesma situazón. Nosos Estatutos contan co-a simpatía do país, conqueriron a adhesión das persoalidás máis eminentes das terras respeitivas e a votazón da maoría dos concellos, mais o goberno hespañol que debéu ordear plebiscitalos xa fai tempo, demora a lei reguladora do referendum popular o que fai que na Galiza se perdan asistenzas i-entusiasmos i-en Euzkadi se provoquen situazóns perigosas de violenza. Casares Quiroga é o responsabre desta políteca suicida da Repúbreca: en Euzkadi ordeando —ou consentindo— reprensións tiránecas dos seus gobernadores que ameazan dispor ao nazonalismo frente á Repúbrica; en Galiza sinalando unha desdenosa e ofensiva imparcialidade incompatibre cos acordos do Paito de San Bastián, cos seus

compromisos anteriores ao goberno e cos postulados do comité revoluzonario. Casares dí representar a Galiza no goberno, pol-os repubricáns galegos foi nomeado ministro, pol-a sua historea e o programa do seu partido e da F. R. G. non pode esquecer conquistas autonomistas que reputóu outrora dogmas, foi un máis a sinalar como políteca da Repúbreca a posibilitazón dos Estatutos basco, catalán e galego, e agora quer ficar arredado destas loitas nosas sementando receos e incertidumes e contribuíndo —con teima punibre— a desprestixiar os traballos en col da nosa autonomía. Querendo ou sin querer colabora co-as forzas monárquecas na sua loita en contra nosa. Os galeguistas non lle piden —nen percisan— coaizón nen estralimitazóns na sua autoridade; sí colaborazón afervoada na loita autonomista consustancial co-a loita consolidadora do réxime. Adúcense probas de abondo pra xustificar a sua enemiga ao Estatuto galego —xa non indifrenza— e a desleal aititude da *Orga* con respeito aos autonomistas. A Ezquerra comprométese a emprazar a Casares pra unha definizón terminante con respeito á autonomía galega. Eu insisto en que pra moitos de nós o Estatuto non resolverá o probrema galego, afogará as arelas nazonalistas, e ainda no millor caso será posto na práitica por xentes sen galeguidade que o trocarán nun istrumento máis do goberno central en desprestixio dos nosos ideaes. Voto por unha aizón crara e sinaladamente arredista. Respóndeme o Sr. Maciá asegurando que, no pior dos casos, un Estatuto é unha posibilidade imensa de posteriores avantes, xustifica o recoñocimento da persoalidade nazonal, e garantiza contra ataques que o día de mañán poden levarnos a finás catastróficos.

Convénse na maor urxenza e posibilidade do Estatuto basco; está en condizóns de sere levado ao Parlamento en oito días e soio percísase definir a aititude de Indalecio Prieto e garantir a imparcialidade do Goberno. A Ezquerra comprométese a evitar novas aititudes brutás dos gobernadores de Euzkadi; o propio Maciá falará con Azaña. (Fala deste estadista con fonda estima e simpatía). Anuncia un viaxe a Euzkadi que aproveitará pra comprimentar en Donostia ao Sr. Alcalá Zamora. Esto enche de lediza aos nosos irmáns, que se decatan da mañitude do ofrecimento.

Falamos de Xinebra e de outras moitas cousas.

Pi Suñer, xefe do goberno, non dí verba; Batista Roca e Carbonell ourientan a conversa e Gasol é o que pon máis intrés nos relatorios e máis fogo nos comentarios. Nun certo intre Maciá, que non perde de nós nen os xestos, dinos:

—Posibremente vostedes terán ouvido dos nazonalistas cataláns xuizos na miña contra; non me perdoan que tendo procramado a Re-

púbrica Catalán transixise despóis co goberno de Madrid e o programa mínemo que supón o Estatuto. Vostedes decataránse que eu non tiña outro camiño: pra defender ao estado nacente, que os bispos e coengos non ían defendere a tiros, eu tiña de armar ao proletariado e o máis probabre é que os obreiros, armados, non se contentasen cunha revolta políteca e máis ben intentasen unha revoluzón social. I-eu non tiña dereito a fundir o meu país nunha loita cevil! Sagrifiquéi as miñas arelas en homenaxe ao que xulguéi a paz de Catalunya.

Teño a certeza de que o Goberno Azaña, infruído pol-a emprensa de Madrid, receoso sempre de este noso viaxe a Catalunya, ordeóu insistentes xestións da sua policía e labouróu por restar importanza á viaxe e solenidade aos festexos, e ainda por reducir os agasallos da Xeneralidade. Maciá, o chorado e grorioso apóstolo da catalanidade, non recuóu un intre e ofrecéunos este xantar na certeza de que aceitaba un ultimátum do goberno de Madrid, de que comprometía a dimisión de Companys, e de que se atraía a enemistade de Casares Quiroga decisiva neste intre en que se traballa pol-o traspaso dos servizos de Orden Púbrico. Deus lle pague este novo i-heroico sagrificio por Catalunya e pol-a liberdade.

12. Final.

Otero vaise a Santander e Castelao e máis eu saímos pra Madrí no rápido das oito. Eu en terceira, i-en terceira chegaréi a Ribadavia con catro pesetas no bulso, morto de fadiga, estragado, máis co orgulo e a lediza de ter colaborado nunha das labouras que un día reportarán ao meu país os maores beneficios.

ALVARO DAS CASAS.

A Cruña, 24 d' agosto do 1933.

ACADEMIA XELMÍREZ

Colexio Residenza

Conga, 9 e Xelmírez, 11 - Teléf. 1236 - Apartado 20

SANTIAGO

Profesorado Tiduado

Todal-as habitazóns da residenza están no colexio e teñen luz direita, auga corrente e timbres eléitricos, coartos de baño e duchas.

Bibrioteca, gabinete de Física, labomadorio de Químeca. Seizón de deportes.

LANAS PRA LABORES

"COMPOSTELA"

Calidás insuperables.

Precios populares.

ALMACÉS

Dolores Iglesias

Cervantes, 18-19

SANT-IAGO

:::::: Os cafés

Astoria

impóñense pol-a sua calidade e a sua aroma :::::

INSUSTITUIBRES NOS BONS CAFES

R. Rodríguez Somoza

ESPECIALIDADE

EN DOENZAS MENTÁS

Huérfanas, 21 SANTIAGO

Dr. Peña Rey

Médico

OURENSE

Librerías Porto

Libros de Texto

pra todal-as Facultades

i-Escolas Especiás.

Libros de Consulta, Estudos e Recreo.

Bibrioteca de utilidade práctica.

PRAZA DE CERVANTES, 12

Teléfono 1223

RUA DO VILLAR, 16

Teléfono 1123

Apartado de Correos, 9

SANTIAGO DE COMPOSTELA

CAFÉ «DERBY»

HUÉRFANAS, 29

SANTIAGO

Propietario:

Santiago Suárez Ortoño

ONDE SE GOSTA

O MILLOR CAFE

DA CIDADE.

Beban siempre

Coñac ANTIQUARY

Todol-os enfermos que toman

VIÑO TOSTADO "TERRIÑA"

deixan de selo

VENTA:

CASA LOZANO

Preguntoiro, 25

SANTIAGO

EL SOL

PAPELERÍA

Calle de las Huérfanas - SANTIAGO

Es la Casa

que mejores artículos presenta.

Amplísimo surtido en

plumas estilográficas.

Especialidad en artísticas fotografías

de Santiago.